



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

A Sociedade LICEO non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:

Sociedade LICEO
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email: informacion@liceodenoia.com
www.liceodenoia.com

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Ramón Carredano Cobas
Mª Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

ILUSTRACIÓN PORTADA:

Alfonso Costa

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:

Rosa Mª Blanco Outón

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



Por segunda vez a Real Academia Galega agasalla a esta vila de Noia coa elección dunha persoa destas terras para dedicarlle o Día das Letras Galegas. Se antes foi o inesquecible Avilés de Taramancos, tócalle a quenda neste intre á poeta María Mariño Carou, nada no número oito da rúa Cega vai agora para cen anos.

A nosa revista Alameda quere contribuír dalgún xeito a esta festa das letras coa elaboración deste número monográfico, coordinado por Xerardo Agrafoxo, para que a grande familia da Sociedade LICEO se achegue á vida e á obra desta escritora noíesa ata o de agora apenas coñecida.

Da man dun notable número de colaboradores, poderemos introducirnos na traxectoria vital de María "A Fiscala", aquela nena solitaria que paseaba as ribeiras enxoitas da súa vila natal e que vai atopar nas montañas do Courel acougo para ver cumpridas as súas arelas de poeta, imaxinar as paisaxes que viviu e que deixaron pegada nela, e sentir a emoción da súa "Palabra no tempo" e da "Verba que comenza".

Pola miña parte, desexar que gocedes deste número especial da nosa revista e manifestar o persoal agradecemento a todas aquelas persoas que dun xeito totalmente desinteresado o fixeron posible.

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

Limiar	2
Reivindicando a María Mariño	4
<i>Lola Arxóns</i>	
Vida e obra de María Mariño	9
Autobiografía de María Mariño	10
<i>Xerardo AgraFoxo</i>	
Testemuñas sinceras. Confesións delicadas	17
Entrevista a Maite Martín Barrenechea	18
<i>Revista Alameda</i>	
Recuerdos inevitables	21
<i>Teresa García Mariño</i>	
A experiencia vasca de María Mariño	24
<i>Mercedes, Teresa e Soledad Martín Mariño</i>	
Lembrando a María Mariño	27
<i>Avelino Pousa Antelo</i>	
Paisaxes dunha vida	29
A vila de Noia no alvorexar do século XX	30
<i>Pedro García Vidal</i>	
O Escarabote vivido pola poeta María Mariño	35
<i>Antón Rodríguez Gallardo</i>	
Flores e espiñas nas minas de San Finx	38
<i>Maite Sobradelo Creo</i>	
Elantxobe	41
<i>Pedro García Vidal</i>	
María Mariño, O Courel e a dor na paisaxe	43
<i>Antón Riveiro Coello</i>	
Dez poemas para María A Fiscala	45
Himno dela	46
<i>Emma Pedreira</i>	
María Mariño	47
<i>Antonio Piñeiro</i>	
Voz no inverno	47
<i>Beatriz Quintela</i>	
A neve chega até os xeonllos	48
<i>María do Cebreiro</i>	
A María Mariño no seu centenario	49
<i>Maxi Olariaga</i>	
Inter vivos, in perpetuum	50
<i>Xabier A. Olariaga</i>	
De amor e morte a María Mariño	53
<i>Eva Veiga</i>	
Metábase sentimental para María Mariño Carou	54
<i>Ramón Blanco</i>	
Perfilando a verba túa nesta verde hora nosa	55
<i>Yolanda Castaño</i>	
E sempre esa palabra no tempo	56
<i>Rosa Enríquez</i>	
Palabras no tempo. Verbas de homenaxe	57
Chega a hora que marcou o tempo	58
<i>Xavier Castro Rodríguez</i>	
O idioma de María Mariño	61
<i>Paulino Vázquez Vázquez</i>	
Á sombra dos castiñeiros	63
<i>Agustín Agra</i>	
María ou Clarice	65
<i>Xosé Ricardo Losada</i>	
Os nosos libros	67

Limiar



circunstancia de que a Real Academia Galega dedique o **Día das Letras Galegas 2007** á poeta María Mariño, nacida

hai cen anos nunha casa do arrabalde histórico da nosa vila, converte esta decisión nun acontecemento que, pola súa importancia, os noíeses non deberíamos deixar á marxe.

A Sociedade Liceo, tal como fixera hai catro anos cando se celebraron os actos de recoñecemento a Antón Avilés de Taramancos, intenta con este monográfico realizar unha sinxela achega para salientar a dimensión artística dunha muller que, polas particulares circunstancias que cinguiron a súa vida, sempre estivo esquecida malia a fondura que se respira nos versos de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza*.

Nos textos publicados neste exemplar da revista *Alameda*, despois de explicarse a orixe do Día das Letras Galegas e ofrecer un resumo sobre xornadas que se celebraron nos últimos anos para reivindicar a súa figura, recóllese en seis espazos o mundo dunha persoa que nunca renunciou aos soños alimentados na súa mocidade. Seis capítulos tan diferenciados como as idades dunha vida ategada de acontecementos:

Vida e obra de María Mariño

Testemuñas sinceras, confesións delicadas

Paisaxes dunha vida

Palabras no tempo. Verbas de homenaxe

Dez poemas para María A Fiscala

Os nosos libros

A través deste conxunto de traballos inéditos, onde colaboran máis de trinta persoas vinculadas co mundo da creación artística e literaria, pretendemos que a autora noíesa consiga a dimensión que merece nestas datas nas que, ademais de conmemorarse o seu Centenario, se celebrará o **Día das Letras Galegas 2007**. Unha data na que a súa voz intimista e conmovedora nos alumeará como un facho.

MARÍA MARIÑO
LETRAS GALEGAS 2007



Antonieta Castro ©

Reivindicando a María Mariño:

Xornadas de homenaxe



Lola Arxóns

Cando Rosalía de Castro escolleu o 17 de maio de 1863 –día no que Manuel Murguía cumpría 30 anos– para asinar a dedicatoria de *Cantares gallegos*, non imaxinou que tamén estaba a sinalar a data que, cen anos máis tarde, sería elixida para celebrar a festa da nosa literatura. A Real Academia Galega, a proposta de Fernández del Riego, acordou que se dedicaría un día ao ano para reivindicar e conmemorar a existencia (resistencia, abofé) da lingua propia de Galiza e da nosa literatura. Faríase isto a través da homenaxe a un escritor ou escritora que se destacara pola súa traxectoria en defensa da nosa lingua e pola calidade e transcendencia da súa obra literaria.

O primeiro Día das Letras Galegas –17 de maio de 1963– estivo dedicado á autora de *Follas novas*, xa que foi Rosalía a que iniciou o camiño da recuperación da lingua galega como lingua literaria universal, despois de centos de anos de silencio. Desde aquel 1963, no que o Día das Letras era conmemorado case de xeito clandestino por mor da ditadura franquista, só outras dúas mulleres foron escollidas pola Real Academia Galega para seren homenaxeadas o 17 de maio: Francisca Herrera Garrido no ano 1987 e María Mariño Carou en 2007.

Hoxe quedan moi lonxe os traballos que se pasaban para burlar a persecución á que a ditadura de Franco sometía a todo aquilo que soase a galeguismo

e poder celebrar o día grande das nosas letras e, máis que “día das letras” temos xa un mes enteiro, polo menos, no que os actos de divulgación da figura e da obra da persoa homenaxeada se multiplican por toda a xeografía de Galiza e mesmo máis alá das fronteiras da nación. Así, o nome de María Mariño será coñecido pola maioría dos galegos grazas ao labor de institucións, asociacións diversas e editoriais que nestes intres xa traballan na elaboración de distintas publicacións e na preparación dos diferentes actos de homenaxe, dos cales o máis solemne será o que vai ter lugar en Noia o 17 de maio de 2007.

A autora de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza*, viu a luz nesta vila en 1907 e morreu no Courel en 1967. Foi case unha descoñecida para os noieses até que Antón Avilés de Taramancos reivindicou a súa figura cunha homenaxe non exenta de polémica e, anos máis tarde, coa publicación, sendo concelleiro de Cultura do Concello de Noia, de *Verba que comenza*, en 1990.

Malia este labor, facíase necesaria a divulgación da vida e da obra de María Mariño, que con só dous libros publicados foi quen de construír un mundo literario propio e de crear unha nova linguaxe poética.

No seo da IV Semana da Historia de Noia, Xerardo AgraFoxo deu a coñecer a que sería unha primeira aproximación á figura da poeta. *María Mariño: unha noiesa esquecida* foi o título escollido para o apaixonante relato que puidemos escoitar o 22 de marzo de 2003. Por primeira vez dábase a coñecer a traxectoria vital de María Mariño. No mesmo acto, a presenza de Maite Martín Barrenechea –sobriña da escritora– amosounos o lado máis humano e familiar de María Mariño Carou.

Será a partir de 2004 –da man dun grupo de investigadores de Noia– cando xa se comece o labor sistemático de reivindicación da figura da poeta coa celebración anual dunhas xornadas dedicadas a María Mariño. Cada mes de xuño, escritores, investigadores, persoas que a

coñeceron e críticos literarios acoden a Noia para encontrarse coa xente da bisbarra e aportar a súa visión da vida e da obra da poeta.

2004: 97 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MARÍA MARIÑO

Desde o 9 ao 12 de xuño dese ano, celebráronse as primeiras xornadas dedicadas a María Mariño na Casa da Cultura Avilés de Taramancos.

Tivemos o pracer de escoitar a Carmen Blanco, escritora e ensaísta, profesora da Universidade de Santiago, quen, no seu relatorio *A figura literaria de María Mariño*, fixo unha afervoadada descrición do orixinal mundo poético de María Mariño, así como unha argumentada reivindicación da persoal creación lingüística da autora noíesa, características que a colocan á altura dos mellores poetas galegos do século XX.

Na mesma xornada, o fotógrafo Suso Xogaina mostrounos *A Noia de María "A Fiscala"*, unha mestura de imaxes e música que nos transportou ao tempo e aos espazos que a poeta levaría sempre no seu corazón.

As paisaxes xeográficas do Courel, que foron testemuñas dos derradeiros vinte anos da vida de María Mariño, foron descritas polo profesor Augusto Pérez Alberti, nunha viaxe polas paraxes da montaña courelá tan diferentes ás do mar que viu nacer á poeta. Avelino

Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao, lembrou emocionado a súa relación con María Mariño e o seu marido, Roberto Pose, ademais de relatar os feitos históricos que viviu Galiza durante a vida da poeta. No mesmo acto, o profesor Xesús Laíño desbotou a idea de que o estilo rompedor de María Mariño obedecera á falta de dominio da lingua poética, senón moi ao contrario: é a súa vocación innovadora a que a leva a romper coas normas lingüísticas.

Un percorrido polas paisaxes noíesas de María Mariño iniciou o derradeiro día e, xa á tardiña, as xornadas do ano 2004 remataron no Coliseo Noela coa actuación do dúo Sete Saias e un recital poético, que non deixou a ningún indiferente, das escritoras Emma Couceiro, Rosa Aneiros, Lucía Novás, Estíbaliz Espinosa e Yolanda Castaño.

2005: 98 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MARÍA MARIÑO

Desta volta, foi a Asociación Cultural Barbantia a encargada de organizar este novo encontro.



PARTICIPANTES NA IV SEMANA DA HISTORIA DE NOIA. 29 DE MARZO DE 2003

A sesión inaugural, o día 8 de xuño, foi presentada polo escritor e presidente de Barbantia, Antón Riveiro Coello. O profesor de literatura galega Xesús Laíño fixo a presentación do escritor Xesús Alonso Montero, que iniciou a continuación estas segundas xornadas de estudo arredor da poeta cun relatorio sobre *A poesía galega en tempos de María Mariño*. Alonso Montero destacou a persoalísima voz de Mariño Carou no contexto da poesía galega contemporánea ao tempo que recordou que a coñeceu no ano 1963. Sostivo que a súa obra se apartaba un tanto da dos membros da “Xeración do 36” xa que renunciou a tratar a temática de denuncia da situación de Galiza en tempos da ditadura franquista, moi ao contrario do que fixeron outros coetáneos como Celso Emilio Ferreiro. No acto puídemos escoitar tamén a música e a voz de tres membros do Conservatorio Felipe Paz Carvajal de Noia.

Ao día seguinte, o arquitecto e investigador noiés Manuel Caamaño Suárez fixo unha descrición das *Construcións populares galegas*, mostrando como arquitecturas e formas de vida propias da nosa cultura corren perigo de desaparecer, aniquiladas por modas foráneas que pouco teñen que ver coa forma que tivemos durante séculos de relacionarnos e intervir no medio que nos rodea. Mediante imaxes foi amosando os distintos tipos de edificacións propias de Galiza, parándose un pouco máis na explicación das construcións propias do Courel, paisaxe na que viviu María Mariño os derradeiros vinte anos da súa vida.

O venres, 10 de xuño, foi o profesor David Pérez Iglesias o encargado de presentar ao poeta Paulino Vázquez, que fixo unha análise da poesía de María Mariño baixo o título *Palabra no tempo: A rede no vacío*. Estabeleceu paralelismos entre a poesía da autora noíesa e os poetas Rainer María Rilke e Paul Celan, concluindo que María



RELATORIO DA PROFESORA CARMEN BLANCO SOBRE MARÍA MARIÑO
NA CASA DA CULTURA DE NOIA. 9 DE XUÑO DE 2004.



RELATORIOS DA POETA MARÍA DO CEBREIRO E O ESCRITOR ANXO
ANGUEIRA NA CASA DA CULTURA DE NOIA. 8 DE XUÑO DE 2006.
ARQUIVO LA VOZ DE GALICIA.

Mariño é dos poucos poetas metafísicos da literatura galega.

Xa no sábado, día 11, a xornada de clausura foi densa e emocionante: iniciouse cunha visita cultural pola vila de Noia para continuar no Coliseo Noela, onde a escritora e xornalista Ana Romaní falou de *Sombras e luces na vida de María Mariño*. Despois de ser presentada por Antón Riveiro Coello, Ana Romaní debullou nun fermoso relatorio as sombras e luces que conforman a vida e a poética de María Mariño e reclamou unha homenaxe popular á escritora. Lembrou que esta homenaxe estase-lle debendo desde que hai anos foi retirada por orde xudicial a placa colocada na casa onde naceu a poeta.

Serafin Marcos, xunto cun compoñente do Conservatorio de Noia, deu vida a unha composición titulada *Acordes para María*. Finalmente, o fotógrafo Suso Xogaina mostrou unha montaxe audiovisual na que se mesturaron paisaxes de Noia e versos de María Mariño, titulada *Lembranzas dunha poeta*.

2006: 99 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE MARÍA MARIÑO

Desta volta, organizadas pola Asociación Cultural Barbantia, as xornadas de homenaxe a María Mariño, celebradas do 8 ao 10 de xuño de 2006, viron as distintas actividades repartidas en dous dos concellos que sentiron os pasos da poeta: Noia e Boiro.

A primeira xornada tivo lugar na Casa da Cultura Avilés de Taramancos, que acolleu a charla do profesor e escritor Anxo Angueira e da poeta e ensaísta María do Cebreiro Rábade Villar, que expresaron o seu desexo de que a Real Academia lle dedicase o Día das Letras

do 2007 á escritora María Mariño Carou.

Despois das presentacións, María do Cebreiro desenvolveu un documentado e ameno relatorio co título *Autoría, biografismo e falacia intelectual na lírica moderna. Quen foi María Mariño?* Con exquisito rigor científico, a investigadora foi esgrimindo os argumentos que sustentan canto hai de veracidade e canto de falacia no xénero biográfico e resaltou a modernidade da poesía da autora de *Palabra no tempo*.

Pola súa parte, Anxo Angueira, baixo o epígrafe *Unha lectura de María Mariño*, lembrou emocionado que foi Avilés de Taramancos quen o agasallou cun exemplar de *Verba que comenza*, “que gardo na miña casa como unha auténtica xoia” e explicou as influencias da poesía de Rosalía de Castro na de María Mariño, recitando algúns dos poemas das dúas escritoras.

Baixo o epígrafe *Tras os pasos de María “A Fiscala”*, a segunda das xornadas centrouse en descubrir a biografía de María Mariño, cuestión da que até ese intre se tiñan poucas certezaas e moitos datos errados ou incompletos.

Xerardo AgraFoxo e Maite Martín Barrenechea mantiveron unha interesantísima charla –ilustrada por fotografías familiares– na que foron desvelando a auténtica personalidade de María Mariño: de carácter forte, moi coidadosa co seu aspecto e preocupada por ocultar a súa verdadeira idade, María Mariño foi sempre unha muller con vocación literaria. O seu paso polo Courel, onde o seu marido foi mestre durante vinte anos, deixou unha pegada inmorredoiroa nos que a coñeceron e corenta anos despois da súa morte seguen a recordala con cariño e admiración.

Soubo a pouco a conversa, que rematou cunhas palabras de agradecemento de Maite Martín á Asociación Cultural Barbantia e unha montaxe audiovisual



MAITE MARTÍN BARRENECHEA REALIZANDO UNHA OFRENDA FLORAL DIANTE DO MONOLITO DEDICADO Á SÚA TÍA. BOIRO, 10 DE XUÑO DE 2006. ARQUIVO LA VOZ DE GALICIA.



OS ALCALDES DE NOIA E BOIRO ACOMPAÑAN A MAITE MARTÍN BARRENECHEA NA INAUGURACIÓN DA "RÚA POETA MARÍA MARIÑO". BOIRO, 10 DE XUÑO DE 2006. ARQUIVO LA VOZ DE GALICIA.

sobre a vida de María Mariño realizada por Suso Xogaina, titulada *Os soños dunha poeta*.

O 10 de xuño a vila de Boiro acolleu a derradeira xeira das xornadas dedicadas a María Mariño Carou. Na Casa da Cultura Ramón Martínez López desenvolveuse o acto de homenaxe conxunto dos concellos de Boiro e Noia á escritora noíesa, coa presenza dos alcaldes Xosé Deira e Antonio Pérez Insua, os concelleiros Juan Jesús Ares e Xerardo Piñeiro, a sobriña da poeta Maite Martín e Xerardo AgraFoxo. Os representantes dos dous concellos comprometéronse a divulgar a figura e a obra de María Mariño.



Na segunda parte do acto, Charo López, Beatriz Quintela, Ana Redondo, Iria Gestoso e Rosa Enríquez recitaron poemas de *Palabra no tempo* e *Verba que comenza*. Deseguido, a montaxe *Os soños dunha poeta* puxo o punto final ao encontro.

Desde a Casa da Cultura, os numerosos asistentes ao acto dirixíronse á rúa que leva desde ese día o nome da poeta María Mariño, a proposta da Asociación Cultural Barbantia. Unha emocionada Maite Martín Barrenechea descubriu a placa que nomea a nova rúa de Boiro. Como non podía ser doutra maneira, en Noia xa hai anos que unha rúa leva o nome da poeta á que se lle vai dedicar o Día das Letras Galegas de 2007.

2007: CENTENARIO DE MARÍA MARIÑO

Para conmemorar este acontecemento a Asociación Cultural Barbantia celebrará no mes de marzo a V Semana da Historia de Noia. Ademais da participación dos investigadores locais, intervirán as escritoras María Xosé Queizán, Yolanda Castaño e Teresa Moure, o crítico literario Xavier Castro e os profesores Clodio González, Xoán Monterroso, Carlos Barros e Felipe Criado Boado.

A Revista *Alameda* da Sociedade Liceo intenta achegarse á escritora noíesa con este número monográfico no que, entre outras colaboracións, ademais dunha pequena "autobiografía", se analiza a súa obra literaria, se describen os escenarios da súa vida ou se homenaxe a súa figura cun ronsel de poemas inéditos.



Vida e obra de María Mariño



Autobiografía de María Mariño

10 instantáneas da miña vida



Xerardo Agra Foxo

1. NOIA

Nacín hai cen anos, o 8 de xuño de 1907, nunha humilde casa da Rúa Cega. Ao día seguinte bautizáronme na igrexa parroquial de San Martiño. Meus pais eran o zapateiro

Xosé Mariño Pais e a costureira do arrabalde do Couto Filomena Carou Lado. Antes naceran meus irmáns Concha (1898), Emilio (1901) e Cándido (1902). Despois vería a luz Asunción (1908). Debido ás dificultades polas que atravesaba o meu fogar, porque meu pai gastaba nas tabernas os cartos que gañara na Arxentina, axiña deixamos a escola e comezamos todos a traballar: Emilio como mecánico, Cándido como carpinteiro e as rapazas, ademais de axudar nas tarefas domésticas, como costureiras. Algúns pensan que me chamaban “A Fiscala” porque traballara na casa dun fiscal, pero, en realidade, o nome obedecía a que meu pai fora fiscal de paz no xulgado municipal.

A miña infancia e mocidade na vila de Noia correspóndese coas manifestacións de 1910 contra o aumento dos impostos de consumos, que provocaron dúas mortes e quince feridos pola represión exercida pola Garda Civil, e o azoute de “gripe española” do ano 1918 que levou ata o cemiterio de Santa María A Nova a 70 veciños.

Talvez por estes tráxicos acontecementos e as penalidades económicas da miña casa sempre me retrataron como

un ser fráxil e vulnerable, unha moza solitaria, sentimental e triste. Unha rapaza de cabelo negro e ollos expresivos que se sentía mellor soa que coa xente. Mesmo dicían que era unha muller con certo complexo porque tiven unhas aspiracións e ansias de cultura que non se correspondían coas das miñas amigas do casco histórico. Un lugar onde sempre me sentín incómoda porque as miñas inquietudes eran alleas ao tempo que tiven que aturar nesta vila ancorada ao redor dunha muralla medieval.

2. TORRES DE GOIÁNS

Despois de pasar os primeiros vinte anos a carón do casco histórico de Noia, trasladeime coa miña familia ata Escarabote. Preto deste peirao atopábase o Pazo das Torres de Goiáns onde vivía miña tía Consuelo Carou e o seu home Vicente Martínez Martínez. Casaran o ano 1910 e herdarían a nobre mansión, onde traballaran como criados, porque os seus propietarios, o Xeneral da Armada Joaquín Barriere Pérez e a súa muller dona María Caamaño García, non tiveran descendencia. Aproveitando esta circunstancia meu pai montou unha pequena zapatería no baixo dunha vivenda do lugar mentres miña nai coidaba dunhas vacas.

Mentres vivín en Escarabote cos meus pais e a miña irmá Asunción, porque os outros irmáns xa casaran, acudía con frecuencia ata o pazo situado á beira dun río. Visitaba aos meus tíos, charlaba cos primos, participaba nas tarefas da recolección da froita e pasaba moitas horas lendo os libros que se gardaban na biblioteca. Estas foron as primeiras lecturas que realicei despois de abandonar a escola para dedicarme a traballar de costureira polas casas de Noia. Nas Torres de Goiáns coñecía-me como Maruja “La Prima”, talvez debido ao agarimo que me dedicaron sempre os cinco fillos da miña tía Consuelo.

A carón do novo fogar e as prolongadas estadias nesta inmensa propiedade, vinculada cos personaxes máis ilustres da nobreza galega, deixei atrás os días máis amargos

do meu berce noiés para converterme nunha moza máis alegre e faladora. De todos os xeitos, aínda que procurei comportarme como unha persoa educada e humilde, os veciños sempre consideraron que era unha moza rara porque, naquel peirao onde as mulleres vestían de negro e mariscaban nas praias da ría, eu xa pintaba os ollos e arranxábame moito.

3. BERANGO

A Guerra Civil sorprendeume en Berango, unha pequena localidade situada na periferia de Bilbao. Aquí vivía a miña irmá Concha. Casara no ano 1919, na igrexa de San Martiño de Noia, cun mariñeiro de Sopelana, Juan Barrenechea Villabeitia, que coñecera no Pazo das Torres de Goiáns mentres realizaba o servizo militar. Tiñan catro fillos: Mercedes, Juan Antonio, Teresa e Soledad.

Cando o exército franquista comezou a ofensiva do Norte, para apoderarse das minas de ferro vascas, contemplei arrepiada os combates máis encarnizados da guerra. Atopábame en Berango cando se produciu o trágico bombardeo da Lexión Cóndor en Gernika e o ataque das “Frechas Negras” italianas contra Bilbao. Anos despois souben que nas tropas nacionais había varios mozos de Noia. Algúns perderon a vida nas ladeiras do monte Sollube. Paseino moi mal durante aqueles días por culpa dos continuos bombardeos dos avións que cuspián lume preto das trincheiras que se ergueran a carón da nosa casa. As horas nos refuxios dos trinitarios foron eternas. Tamén pasei moita fame. Apenas comía pan. Soamente había garavanzos e arroz.

Cando rematou a ofensiva traballei de costureira nalgunha casa de Berango. Aproveitaba esta tarefa para facer vestidos para min. Sempre me gustou andar moi arranxada. Quizais por este motivo tiveron varios pretendentes, pero naquela época non quería comprometerme con ningún. Prefería andar ao meu aire, aínda que miña irmá e as miñas sobriñas me criticasen. Dicían que era moi altiva porque non lle facía caso a un comerciante que me roldaba a todas horas. Tamén me criticaron porque apenas lles escribiría cartas. Valéronse da expresión dunha amiga para rexeitar a miña conduta: “Maruja se llevó el cariño en el bolsillo”.

Pero apoiaron o meu proceder cando, nunha vila controlada polos milicianos vascos, escondín debaixo dun colchón a bandeira e o cáliz dunha amiga facha. Tamén me axudaron cando, para evitar que algún mozo fose recrutado para a guerra, cheguei a acubillalo nunha casa abandonada. Arrisqueime porque aquela contenda estaba a converter as trincheiras nun cemiterio.



XOSÉ MARIÑO PAIS, PAI DA ESCRITORA MARÍA MARIÑO CAROU, EMIGRARA Á ARXENTINA ANTES DE ESTABLECERSE EN ESCARABOTE.

4. ESCARABOTE

Cando aínda non rematara a Guerra Civil regresei a Escarabote. Marchara para Euskadi coa soa compañía dunha pequena maleta e regresaba coa cabeza ateigada de pesadumes polas experiencias vividas. Montei un pequeno parvulario, a onde acudían os máis cativos do lugar, e vivía preto dos meus pais. Non deixaba de visitar o Pazo das Torres de Goiáns e os parentes que deixara no arrabalde do Couto de Noia.

Foi durante esta época cando coñecín ao mestre da escola de nenos de Escarabote. Roberto Pose Carballido nacera en Santiago no ano 1915. Era oito anos máis novo. Tocaba o clarinete na Banda Municipal de Santiago e durante a guerra fora mobilizado. Logo dunha curta estadía na Plana Maior do Rexemento de Asturias volveu a Santiago porque unha lei dicía que os pais que tiveran tres fillos na fronte podían liberar a un. Regresou de Oviedo coa enfermidade auditiva, que padecera dende a súa infancia no arrabalde de San Lourenzo, agravada.

Roberto era un home triste, pero unha persoa amable e educada. Malia que eu nunca tivera moitas amizades, porque gozaba dos paseos solitarios, seducíume o acougo que se respiraba ao seu carón. Casamos dous meses despois de rematar a guerra na igrexa de Santiago de Lampón. Apenas asistiron invitados á voda. Despois dunha curta lúa de mel en Santiago, regresamos a Escarabote onde viviríamos os seguintes anos.

Pero a voda deixaría na miña biografía unha mancha que nunca conseguín borrar. Cando só me faltaba unha semana para cumprir trinta e dous anos, no Rexistro Municipal de Boiro fixen constar que tiña vinte e seis. Ante o crego da igrexa parroquial de Lampón soamente me quitei dous anos. Mergullada nunha sociedade onde se postulaba a superioridade do home con respecto da muller dentro da parella, vinme na necesidade de cambiar a data do meu nacemento. Unha actitude que levou a moitas persoas a cualificarme como unha muller vaidosa.



A IMAXE MÁIS REPRODUCIDA DA ESCRITORA NOIESA.



ROBERTO POSE E MARÍA MARIÑO PERMANECERON DURANTE O CURSO ESCOLAR 1945-1946 EN ELANTXOBE, UN ESPECTACULAR PORTO DA COSTA VASCA.

5. ARZÚA E ELANTXOBE

Catro anos despois da voda celebrada na igrexa de Lampón, partín co meu home para unha escola rural situada no concello de Arzúa. Estivemos no lugar de Currás, parroquia de Dodro, durante dous cursos. Viviamos na mesma casa onde estaba situada a escola, e viaxábamos de vez en cando ata Santiago para ver á familia de Roberto. Coido que el deixou naquela aldea a imaxe dun mestre responsable e serio, un profesional que se preocupaba moito polos rapaces.

No ano 1945 foi destinado a unha escola da vila biscaíña de Elantxobe, un pequeno peirao da costa cantábrica erguido sobre unha ladeira que morría a carón do mar. Como o lugar era moi pequeno e aburrido, durante as fins de semana viaxábamos ata Algorta, onde vivía a miña irmá Concha coa súa familia. Foi durante unha daquelas visitas cando fixen a capa de veludo negro que aparece na miña fotografía máis recoñecida. Talvez polo coidado que gardaba coa roupa, miñas sobriñas sempre afirmarían que era unha persoa moi presumida. Unha apreciación que se acentuou cando un día lles confesei que lle mentira ao crego de Boiro con respecto á miña verdadeira idade.

As miñas sobriñas queríanme moito. Pero cando ao ano seguinte, no 1946, regresei co meu home para Galicia soamente volví a ver á maior: Mercedes. Coido que foi o seu home, Fausto Pasozábal, quen tirou a única instantánea que se conserva do meu fillo Roberto. Soamente nalgúns ocasións lles escribía algunha carta, pero sabían da miña vida no Courel a través das confidencias que eu mantiña cunha amiga de Algorta que se chamaba Carmen Ornilla. Ela foi a depositaria das confesións máis íntimas. Da experiencia daqueles días escribín un libro que aínda non saíu á luz: *Los años pobres. Memorias de guerra y posguerra*.

6. MINAS DE SAN FINX

Regresamos de Euskadi levando no meu corpo o alento dunha nova vida. Despois de sete anos de matrimonio estaba embarazada. Entón, logo dunhas breves estadas na Coruña, Santiago e Noia, diriximos os nosos pasos ata as minas de volframio de San Finx, onde traballaba como mecánico meu irmán Emilio. Con el estaba miña nai Filomena dende que quedara viúva. Vivían nas Casa Baratas que construíran os propietarios das explotacións para os obreiros. Aínda que meu irmán andaba cos falanxistas de Boiro, era unha boa persoa. Gustaba que lle chamasen “O Fiscal”. Dícialle a todos que era fillo do fiscal de Noia. Miña nai era moi relixiosa e non vía con bos ollos as compañías que tiña o seu fillo.

Aproveitando que había no val un médico moi recoñecido, quedamos alí ata o intre do parto. O meu fillo naceu o 6 de setembro do ano 1946. Puxémoslle o nome de Roberto José. Miña nai e miña cuñada Trina axudáronme a coidalo durante os primeiros días. Foron os días máis felices da miña vida naquel lugar situado preto de Noia. Mesmo recibimos varias visitas de familiares, e Fausto tirou a foto que inmortalizou para sempre ao meu neno. Roberto tamén estaba moi contento. Era un home tan vulnerable que tiña medo a non ter descendencia.

Pero o neno comezou a poñerse mal de repente. Morreu o 10 de outubro daquel mesmo ano. Soamente viviu 34 días. As Casas Baratas quedaron sumidas nun profundo silencio. Nunca souben cal foi a causa que provocou aquela traxedia que me deixou eivada. Talvez o meu neno morreu por culpa dun mal biberón. Démoslle auga ou leite en mal estado, e comezou a poñerse mal. Non se recuperou. Nunca superei a dor que



TALVEZ MOVIDA POR UN MAL PRESAXIO,
MARÍA MARIÑO REXEITA O OLLO DA CÁMARA
PARA AUSCULTAR OS ALENTOS DO SEU FILLO.
SAN FINX, 1946.



ALUMNA DE ROBERTO POSE CARBALLIDO DIANTE
DA CASA-ESCOLA DE ROMEOR DO COUREL

me asolagou durante aqueles días. Sempre lembro aquel acontecemento como un episodio definitivo. Días despois de soterrar ao meu neno, partía co meu home rumbo a outro destino. Unha aldea perdida de Galicia, un lugar incerto para recuperar-me das miñas doenzas.

7. ROMEOR DO COUREL

Despois dos sufrimentos padecidos nas Casas Baratas, chegamos a un val enclavado entre os cumes dunha serra que dende un principio intuímos estraña. Cando chegaron os meses da invernía, os días fixéronse máis escuros e a friaxe tradeaba os nosos ósos como nunca imaxináramos. Aquel illamento fixo que medrara a miña crise nerviosa. Vivíamos recluídos nun espazo alleo aos nosos ollos. Cando o curso escolar latexaba os seus últimos alentos e os días comezaban a medrar, dous acontecementos acentuaron as miñas penalidades. Crebaron as poucas ganas que tiña de vivir. Minaron a miña resistencia. Nun curto espazo de tempo morreron meu irmán Emilio en San Finx, cando só contaba con corenta e dous anos, e a miña nai nesta aldea de nome inesquecible.



NESTA ALDEA DE ROMEOR DE COUREL MORREU FILOMENA CAROU
LADO, NAI DA ESCRITORA NOIESA, O 29 DE MARZO DO ANO 1947.

Malia as palabras de acougo do meu home e o agarrimo que me proporcionaban os veciños, sempre pendentes dos meus pasos polas corredoiras, apenas saía da casa. Nin sequera abría as fiestras para contemplar a paraxe atravesada por un regato fraco. Soamente baixaba ata Seoane para acudir á consulta que abrira neste lugar o doutor Xosé Baltar. Era el quen me trataba a depresión nerviosa que sufría dende que perdera de maneira inexplicable ao meu fillo. Sería este amable médico quen lle recomendou a Roberto que deixáramos Romeor para solicitar no seguinte curso a escola que quedaría vacante na aldea de Parada.

8. PARADA DO COUREL

Cando nos derradeiros días do verán de 1947 chegamos a Parada do Courel non podíamos intuír as sorpresas que nos depararía aquel lugar. Algunhas serían reconfortantes, outras tráxicas. Aquí viviría os momentos máis felices da miña vida, pero nun cuarto da casa escola tamén alentaría os derradeiros salaios. Cheguei tan afectada, que semellaba difícil consolarme. Con todo, grazas á protección que me prestaron os seus veciños, conseguín recuperar-me. Pouco a pouco viñéronme as forzas.

Pasaba as horas palillando, axudándolle ao meu home nas tarefas da escola e lendo algúns libros. Cando os días do inverno eran máis duros refuxiábame na casa dos veciños. Ás veces recibía a visita da miña irmá Asunción e os seus fillos, que me alegraban a vida sempre monótona naquela aldea afastada.

O destino quixo que a carón da escola vivira o poeta máis recoñecido desta terra: Uxío Novoneyra. El viume con outros ollos. Non reparou na persoa de saúde delicada nin na dona do mestre que falaba en castelán. Coido

que me viu como unha muller que alentaba nos seus mioslos uns versos que soamente necesitaban dunha man delicada para que saísen á luz. Uxío conseguiu abrollar os poemas que latexaban no meu corazón dende que era unha moza que paseaba solitaria polas rúas máis retorcidas do recinto histórico de Noia.

Á sombra duns castiñeiros escribín os primeiros versos da miña vida.

Preto dunha fonte agromaron dos nosos beizos as confesións máis delicadas. A frondosidade do val proporcionounos a intimidade que necesitabamos para illarnos da vida ríxida daquela aldea ancorada no tempo. Grazas á xenerosidade de Uxío conseguín satisfacer os meus soños máis ambiciosos. Non sei que sería da súa vida, que lle depararía o seu destino, pero sempre lle desexei o mellor na súa andaina como poeta.

9. PALABRA NO TEMPO

Dezasete anos despois de chegar abatida ao Courel, conseguín publicar os meus primeiros poemas. Este libro serviu tamén para ceibarme dos sentimentos que me agriulloaran durante tanto tempo. Don Ramón Otero Pedrayo fíxome un fermoso limiar e os críticos déronme unha acollida favorable. Mesmo me compararon con Rosalía de Castro e fixo fortuna a expresión de Uxío cando afirmou que eu era unha “dinamiteira da fala”.

Neste tempo, mentres permanecía illada na aldea de Parada, comezou a gabear pola miña cabeza a idea de marchar daquelas terras tan distantes das paisaxes que viran os meus ollos na mocidade. Durante as vacacións alugabamos unha casa na Coruña, sempre preto do mar, e tamén viaxabamos ata Madrid para visitar a miña irmá Asunción e aos seus fillos.



CASA-ESCOLA DE PARADA DE COUREL, ONDE VIUU MARÍA MARIÑO E ROBERTO POSE CARBALLIDO DENTE O ANO 1947 AO 1967.

Fuxir da aldea de Parada converteuse nun pesadelo. A xente comezou a murmurar sobre a miña relación con Novoneyra. Dicían que nos mirabamos como dous namorados e que desaparecíamos da aldea para vernos a carón duns carballos que había á beira do río. Cando o meu home comezou a desconfiar, a vida



MARÍA MARIÑO E ROBERTO POSE CARBALLIDO PASEANDO POLOS CANTÓNS DA CORUÑA.



MARÍA MARIÑO E A SÚA SOBRÍÑA TERESA GARCÍA MARIÑO DURANTE UNHA ESTADÍA DA ESCRITORA EN MADRID



A SINXELA CAMPA E A INSCRICIÓN
ESMORECIDA: "MARÍA MARIÑO CAROU"



ALUMNAS DE ROBERTO POSE CARBALLIDO
DIANTE DO CADALEITO DE MARÍA MARIÑO NO
INTERIOR DA IGREXA DE SEOANE.

naquel lugar virou nun inferno. Eu tampouco axudei a clarificar aquel nobelo sentimental porque sempre respondín co silencio ás interrogantes.

Malia estes problemas, os 70 poemas de *Palabra no tempo* convertéronse nun acontecemento dentro do panorama literario galego. Polas solucións estéticas e as propostas temáticas que se amosaban nos versos, radicais e trementes, os círculos intelectuais encadráronme dentro da Xeración do 36. Dende que partira de Noia nunca os meus soños agoiraran esta realidade. Tamén conseguín escribir uns poemas que titularía *Más allá del tiempo*.



UNHA IMAXE PARA A HISTORIA: OS VECIÑOS DE PARADA
ACOMPANANDO O FÉRETRO DE MARÍA MARIÑO ATA O CEMITERIO DE
SEOANE DO COUREL. 20 DE MAIO DE 1967.



10. VERBA QUE COMENZA

Foi unha mágoa que este libro se publicase tan tarde. Con todo, resulta admirable que fora o poeta Antón Avilés de Taramancos quen o quitara á luz. Uxío axudoume para que agromasen estes versos escritos con amargura. El sabía da miña doenza e da fronteira que me trazara un médico. Viña todos os días ata o meu cuarto e permanecía ao meu carón mentres eu tecía nas follas dun caderno as miñas obsesións, o meu amor pola paisaxe courelá e o mar que ollaba lonxe das miñas fiestras. Despois el pasaba a máquina as letras debuxadas sen tento.

Para Uxío foron os días máis estarrecedores da súa vida. Eu sabía do mal que me diagnosticaran e só matinaba expirar sen causarlle moito sufrimento aos meus. Foi naqueles días, mentres estaba quedando seca, cando saíron dos meus beizos aqueles versos tan definitivos: *Aplástame a chuvia / Lévame o vento / Quéimame*.

Despois sucedeu un curioso episodio. Eu soamente era a muller do mestre, pero os veciños chamaron un fotógrafo para que tirase unhas imaxes do meu enterro. Se un día ollades estas instantáneas, talvez vos decataredes da dor dos rostros que me acompañaron na derradeira viaxe. Non só é emocionante apreciar o seu sentimento cara á miña persoa, tamén é gratificante comprobar como intentaron homenaxear a unha poeta que só conseguira espir os seus desexos e frustracións nunhas poucas follas.

Cando agora teño cen anos e vexo o meu busto, contemplando cos seus ollos melancólicos o convento erguido na alameda da miña vila, semella que se cumpriron os soños máis fermosos da miña mocidade. Aqueles que, segundo os testemuños das amigas, dicían que eu, Maruja "A Fiscala", era unha muller diferente, unha moza con aspiracións e inquietudes.



Testemuñas sinceras.
Confesiones delicadas.



Entrevista a Maite Martín Barrenechea

Revista Alameda

Maite Martín Barrenechea é a sobriña-neta de María Mariño que dende hai uns anos indaga sobre as pegadas que deixou a poeta dende que abandonou Noia. Malia que Maite naceu na vila vasca de Algorta e vive na actualidade en Madrid, son frecuentes as súas visitas a Noia para participar nos actos de homenaxe á escritora honrada este ano co Días das Letras Galegas.

Grazas a esta circunstancia podemos coñecer onde viven na actualidade os parentes máis próximos a María Mariño:

Los parientes más cercanos a la tía Maruja son sus sobrinos carnales, es decir, los hijos de Concha y de Asunción, su hermana mayor y la menor. A Concha le viven todos los hijos en Algorta: Mercedes, Juan Antonio, mi madre Teresa, y Soledad. De la tía Asunción viven mi prima Teresa, Carmelo y Cándido. Tengo contacto con ella, pues vive en Madrid, pero con los otros no he hablado desde que tenía 7 años. Mi prima tiene dos hijos que son unos músicos muy conocidos en Madrid. Los tengo visto en la televisión actuando con Miguel Ríos.

Tamén nos explica cales foron as causas que levaron a unha parte da familia de María Mariño dende Noia ata o País Vasco:

El que los hijos de Concha vivan en Vizcaya es un tema muy claro ya que mis abuelos fueron a vivir al País

Vasco después de que mi tía Merche naciera en una aldea de Boiro. Los demás nacieron cerca de Bilbao, en Berango, y se casaron; así que su vida y las de sus descendientes están en aquella tierra. La única que por temporadas está fuera es mi madre –Teresa– que cuando se hizo mayor, al vivir mi hermano en Barcelona, se decidió a ir allí aunque sólo unos meses al año pues el resto está en Algorta junto a sus hermanas. La tía Asunción o Chona vivió en Canarias la mayor parte de su vida, también en Madrid y en Galicia ya que estaba cerca de su madre y de la tía Maruja. Mi prima Teresa ha vivido casi siempre en Madrid.

A continuación fala con emoción dos seus avós: Concha Mariño Carou e Juan Barrenechea Villabeiteita. A parella coñeceu no Pazo das Torres de Goiáns e, despois de casar no ano 1919 en Noia, partiu para Euskadi:

Mis abuelos eran dos seres maravillosos a los cuales yo adoraba. Mi abuela estaba llena de carácter pero tenía una gran dulzura. Me crié con ella ya que nací en su casa de Algorta. Era una mujer que entendía cualquier cosa que podía pasar por el mundo. Siempre estaba dispuesta a ayudar a sus hijos en todo lo que ella podía, lo mismo que a sus nietos. La verdad es que yo sentía una gran admiración por ella, además era guapísima.

Mi abuelo era un gran trabajador. El dejar de ser marinero le costó mucho, pero se sacrificó por su mujer y por sus hijos, con todo el amor que le profesaba a mi abuela, trabajando en el tranvía con toda dignidad. Yo lo quería mucho. Cuando fui adulta no tenía que contarle nada si me veía triste. Siempre decía que las penas se curan con un huevo frito con patatas y un vasito de vino, en fin, siempre tenía una palabra cariñosa para todos sus nietos y biznietos de los cuales estaba tremendamente orgulloso. Yo siempre que voy a Algorta tengo que pasar por la casa donde nací y viví, ya que me trae unos agradables recuerdos.

Despois relata con tristeza como nunca puideron volver a Galicia. Soamente unha tía de Maite, Mercedes Barrenechea Mariño, conseguiría ver á poeta con motivo dunha viaxe que realizou a Noia durante a súa lúa de mel:

Mis abuelos no pudieron volver a Galicia así que no conocieron O Courel. Sin embargo, mi tía Merche conoció el pueblo minero de San Finx ya que fue de viaje de novios a Galicia en el año 1946. Estuvieron en Coruña y en Noia. Tuvieron la oportunidad de conocer un poco todo, pero mi madre y el resto de mis tíos no lo conocieron. Mi prima Teresa sí estuvo en Parada de Courel y en A Coruña. Por este motivo tuvo muchas vivencias con la abuela Filomena y con la tía Maruja. Mi abuela en una ocasión me pidió que fuera a Noia y a O Courel. Años después cumplí la promesa.

Tamén nos explica como na casa de Algorta se lle ocultou á súa avoa, Concha Mariño Carou, a morte da poeta na aldea de Parada do Courel:

No sé quién les mandó el telegrama de la muerte de la tía Maruja, pues yo estaba de viaje de novios y me enteré al regreso. La abuela no sabía nada, se lo ocultaron durante mucho tiempo. Nadie de casa fue a su entierro. La verdad es que fue una pena, pero las cosas no estaban muy bien en aquel momento, me refiero a la vida, los viajes, la economía, etc. Mi abuela se enteró poco tiempo después. Entonces se llevó un terrible disgusto pues ella la quería muchísimo y estuvo muy enfadada con todos por ocultárselo.

Despois falounos da súa relación coa aldea onde morreu a súa tía. A través das súas palabras intuímos as lembranzas que lle deixou no seu corazón a escola de Parada e a tristeza producida pola situación da lauda que acolle á poeta soterrada no melancólico cemiterio de Seoane:

Estuve en Parada hace algunos años; la impresión que tuve fue indescriptible. El lugar me pareció fascinante, muy bucólico, romántico y de una gran ensoñación. La verdad, es un clima muy propicio para escribir; pero también para llevarte a una gran melancolía. La verdad es que yo recorrí el pueblo con la mente en el pasado, pensando en ella, cómo se podía sentir, lo que podía pensar todo su ser. Cuando entré en la casa escuela, bueno en la escuela, estaba todo tirado como un montón de papeles.

Carlos saltó por una ventana y encontró en un rincón una imagen de Santiago con un marco muy sencillo que por detrás estaba dedicado por el poeta Novoneyra. Sentí que eso era una premonición, así que lo limpié y, desde entonces, lo tengo colgado a la cabe-



OS AVÓS DE MAITE, JUAN BARRENECHEA VILLABEITIA E CONCHA MARIÑO CAROU, NO DÍA DA SÚA VODA. NOIA, 1919

cera de mi cama. Por eso pienso que el Apóstol Santiago está guiando todo el proceso de la Tía Maruja. Cuando fui al cementerio la verdad es que me dio mucha pena la sensación de su soledad pero Novoneyra me dijo que tanto él como alguna de las alumnas se encargaban de limpiar un poco su tumba. Ahora está más triste y descuidada, espero que se arregle.

As palabras entrecortadas e os recordos non asumidos serven para merguillarnos nun territorio máis íntimo. Como sería a vida da súa tía durante os vinte anos de estancia naquelas terras montañosas?:

La vida de La Tía Maruja en Parada debió ser muy dura. Pienso que se transformó para poder sobrevivir una parte de ella. Se volcó en la gente del pueblo y la otra parte en su pasión que era escribir. Por ese

motivo pudo seguir en la aldea durante tantos años, lo mismo que esperando a Uxío Novoneyra que le complementaba en todo lo que se refiere a su gran pasión (la literatura). Creo que a su lado se sentía importante.

Según me contaron las gentes de O Courel y Novoneyra, los últimos días de su vida fueron de mucho sufrimiento. Su mente en esos momentos realizó un gran recorrido por toda su vida y se sintió incompleta, pero no por no tener hijos sino por no haber podido publicar todo lo ella quería y que el mundo se enterara de que ella estaba ahí.

Sabemos que María Mariño deixou no Courel a imaxe dunha muller fráxil e sensible, pero, que recordos deixou a escritora entre os parentes que a coñeceron durante as súas estadias en Euskadi?:

Los recuerdos que tenemos en mi familia de la tía Maruja son agradables. Son recuerdos de su época joven y de cuando vivía con mi abuela. Historias donde se contaban que cosían con buen gusto para confeccionar vestidos y de su afán de aprender. Es algo que no se puede olvidar, de todo lo que representaba su fuerza. También se acuerdan mucho de su espléndida belleza, quizás con un fondo de misterio. Mi madre la recuerda con una gran admiración.

Uxío Novoneyra foi a persoa que motivou a entrada de María Mariño no universo literario galego. Pero, coñeceu ela, nalgunha das súas visitas a Parada, ao poeta do Courel?:

Conocí a Novoneyra de una manera muy original. En mi época de investigadora di con unos papeles (recortes de periódicos) que hablaban de mi tía y mencionaban a este señor. Ni corta ni perezosa localicé su teléfono y me puse en contacto con él. Recuerdo que se llevó una gran



MAITE MARTÍN BARRENECHEA DIANTE DA CASA-ESCOLA DE PARADA DO COUREL.

sorpresa y alegría. Hablamos muy a menudo por teléfono hasta que un verano fuimos a Santiago, me cité con él y nos conocimos. La verdad es que fue una experiencia especial. Nunca escuché a nadie hablar de alguien como hablaba él de la tía. Carlos se quedó fascinado y yo también. Después seguí hablando con él por teléfono hasta que me enteré de su muerte; me mandaron el periódico donde aparecía la reseña de su muerte.

Por certo, malia que sempre se dixo que o seu neno morrera en Euskadi, Maite sempre afirmaba que o neno nacera e falecera en Galicia. Que circunstancias motivaban esta impresión, agora confirmada?

Sabía que el niño Roberto Pose Mariño naciera fuera de Euskadi por mi madre. Ella también estaba embarazada. Sólo había una diferencia de dos meses. La tía aprovechó que a Roberto lo destinaran a O Courel, para volver a Galicia y tener el niño junto a su madre.

As súas últimas palabras son para lembrar como na súa casa de Algorta existía constancia de que a “tía Maruja”, dende que chegara ao Courel, escribía poemas acotío:

Bueno, la verdad es que en casa todo el mundo sabía que escribía cosas (no sabían si eran poemas u otra cosa) pero sí sabían que escribía pero nunca pensaron que después de muerta iba a tener este éxito.

Grazas ás palabras sinceras e emocionadas da sobriña-neta da escritora noiesa, podemos coñecer mellor esta familia que tivera o seu berce no arrabalde do Couto e nunha humilde casa da Rúa Cega. Tamén aproximarnos aos recordos que deixou unha poeta tantos anos esquecida e agora homenaxeada co Día das Letras Galegas 2007.

Recuerdos inevitables

Teresa García Mariño

Mi tía me ayudó a criarme. Me llamaba Masita porque quiso que mi madre me pusiese el nombre de Armancia. La traté desde muy pequeña, cuando ellos iban a pasar las vacaciones a A Coruña, igual que lo hacíamos nosotros con mi madre. Los tíos pasaban dos meses allí, alquilaban una casa durante el verano y no salían de la ciudad hasta que marchaban para O Courel. Allí, en medio de aquellas montañas, pasé yo una temporada, cuando tenía trece o catorce años. Entonces los conocí de verdad. Sobre todo a mi tía. Ella se pasaba las horas escribiendo. Aquello era un desierto. Mientras él dormía, ella daba clases desde arriba y hacía la comida. No sé por qué se casó con él.

La tía Maruja escribía y leía mucho. A cualquier persona le hacía una poesía. Fue siempre así. Las hacía con amor y dulzura. Era muy inteligente y muy lista. Siempre escribía deprisa y llenaba muchas páginas. Cuando salió su libro de poesías mi madre lloró de emoción. Esta visita a Parada sucedió a principios de los años cincuenta, cuando yo aún no tenía pecho e iba a la escuela con los demás niños de la aldea de Parada. Recuerdo que mi tío Roberto me colocaba en la primera fila de la clase, que estaba situada debajo de la vivienda. Cuando regresaba a A Coruña, mi madre me tomaba las lecciones.

Estuve en Parada do Courel dos veces. Me mandara ir mi madre con mi tía. Pasé varios meses en Parada con ellos. Era una niña. Pero mi tía me daba lástima. Era muy buena, cariñosa, culta e inteligente. Se fue a buscar la ruina en aquella aldea perdida. Después de pasar allí una buena temporada, los tíos vinieron a estar con nosotros en Madrid. Vivíamos de aquella en la avenida de Oporto. Les dejamos una habitación de la casa para ellos. Mi madre tuviera unas fiebres tifoideas y la tía Maruja ni siquiera se atrevió a ir a verla al hospital, a pesar de que viniera a Madrid para acompañarla. Tenía miedo a conta-

giarse. Era muy delicada. Sólo estaba pendiente de hacerle la comida a su maridito.

Recuerdo que le aturdían los coches. Al salirse de la órbita de las montañas do O Courel nos dejaba en ridículo en muchos lugares de Madrid. No sabía conducirse en la ciudad. Yo ya tendría veintitantos años y tenía un novio que era de Asturias. Ella me obligaba a leerle las cartas que enviaba.

Estaba obsesionada por publicar sus poemas y darse a conocer. Conseguimos que viniera a verla a nuestra casa don Pablo D'Ors, el hijo de Eugenio D'Ors. Habló con ella y recuerdo que nos dijo que la tía era una persona muy culta y lista. Estábamos todos orgullosos porque se dignara a venir a nuestra casa para ver a la tía. Le conocíamos porque yo hiciera ballet clásico y fuera alguna vez a bailar para él y sus amistades a su casa.

Después conseguimos una entrevista con el catedrático Don Manuel Gamallo Fierros, que era pariente de mi marido. Cuando estábamos en A Coruña nos desplazamos hasta Ribadeo donde vivía este señor. Estuvimos allí dos días. A mi tía desde aquel viaje le entró ganas de vivir en la costa, sobre todo en Ribadeo. Buscábamos una recomendación para que este hombre, que fue profesor de Fraga Iribarne en Madrid, hiciera algo con sus versos, le ayudara a publicarlos. La tía Maruja estuvo con nosotros en Madrid unos seis meses. Creo que fue



MARÍA MARIÑO CAROU E ROBERTO POSE CARBALLIDO DURANTE UNHA VISITA A MADRID NO ANO 1961.



TERESA GARCÍA MARIÑO, FILLA DE ASUNCIÓN MARIÑO CAROU, É A SOBRÍÑA QUE MELLOR COÑECEU A MARÍA MARIÑO.



TERESA GARCÍA MARIÑO ASISTIU, CON ALGÚN DESTES VECIÑOS DE PARADA DE COUREL, Á ESCOLA DE SEU TÍO ROBERTO POSE CARBALLIDO.

Mi tío era muy celoso. Quería estar solo con ella. Ella no era capaz de defenderse de esta dependencia. Nosotros le decíamos: ¡Defiéndete! Pero ella decía que solamente le preocupaba escribir. Cuando estaba en O Courel le escribía cartas a mi madre: “Solo quiero estar contigo, solo contigo”. Durante los últimos años en O Courel, incluso antes de que le viniera la enfermedad, era una mujer desgraciada. Su marido no la dejaba relacionarse con otras personas, y ella lloraba desconsoladamente. Me acuerdo que se le soltaban las lágrimas cuando estando en Madrid con nosotros, le comentaban de regresar a aquella aldea de O Courel.

El interés que tenía por publicar sus poesías chocaba con la actitud de mi tío que no quería saber nada de aquello. Incluso le llegó a romper una entrevista que le hicieran en un periódico. Lloró mucho. Entonces tomó la decisión de no marcharse para O Courel y se quedó con nosotros en Madrid. Aprovechó aquella prolongada estancia con nosotros para ir a Ribadeo a entrevistarse con el catedrático para intentar publicar sus primeros poemas. Pero al final claudicó y se marchó para la aldea. Mi madre lloraba cuando leía las cartas que le enviaba la tía Maruja desde la aldea.

Se relacionaba con otras personas que yo no llegué a conocer. Le escribían cartas mientras ella se quedó con nosotros en Madrid. Había un señor que tenía mucho interés por ella, un escritor que le escribía cartas, que ella contestaba, pero su marido no le dejaba relacionarse con nadie. También me hablaba de Uxío Novoneyra. Me dijo que le quería mucho. Me dijo que él pusiera mucho interés para que publicasen finalmente sus poemas.

Se querían con locura. Me lo contó años después en la intimidad. Aunque yo era una niña de catorce años,

en el 61, porque yo me casé al año siguiente, en el 1962. A veces nos hablaba en gallego. También nos leía versos a toda velocidad. A los de O Courel los entendía bien, pero a ella nada.

cuando estuve en O Courel me daba cuenta de como se miraban. También se lo comentaría a mi marido con el que me casé en el año 1962. Se miraban como dos enamorados y se entendían. La relación entre ellos comenzó a comentarse por toda la aldea, que solamente tenía diecisiete casas. Mi hermano que también estuvo conmigo en Parada desconfiaba de ellos porque la tía desaparecía de casa durante horas sin dar explicaciones. Notaba tanta pasión que decía que se internaba en el bosque para pensar en él. Mientras tanto, el tío Roberto, que era muy celoso, sufría mucho. Pero estaba acostumbrado a las mentiras, que ella siempre le contara con respecto a la edad y otras cosas, y callaba.

Su relación con Uxío era una relación de amor. Pero yo creo que él estaba más enamorado que ella. Creo que la tía Maruja comenzó a relacionarse intensamente con él porque entre aquellas montañas y en aquella aldea no sabía vencer las horas del día. La soledad y el tiempo, mientras no le surgió la enfermedad, eran sus mayores enemigos. Pienso que Uxío vino a llenar el vacío que ella tenía en aquel lugar perdido. Mi madre le reprochó muchas veces aquella relación, pero la tía Maruja, que siempre fue muy suya, le contestó que no hacía nada malo. Recuerdo que mi madre le dijo: “Hasta lo sabe la niña”. Hasta que un día desapareció de la aldea durante cuatro horas y se armó en casa una discusión de cuidado.

Cuando mi madre se enteró de la grave enfermedad que padecía trató de estar con ella. Un día, mientras veraneábamos en A Coruña la visitó en el piso que mi tía



MARÍA MARIÑO ACOMPAÑADA POLOS POETAS MANUEL MARÍA E UXÍO NOVONEYRA EN PARADA DO COUREL.



ASUNCIÓN MARIÑO CAROU, A IRMÁ MENOR DA ESCRITORA, NACEU NA VILA NOIA NO ANO 1908.

alquilara en la calle Panaderas. Consiguí convencerla para que fuese a un médico. Éste le dijo que tenía un mal incurable. Su enfermedad llegara a un proceso de metástasis. Fue entonces cuando empezó a tener mucha sed. Ella, que nunca tomara alcohol, comenzó a beber cerveza. Le teníamos que subir cerveza al piso porque la sed la consumía. Recuerdo que una vez, después de visitarla, no sé si en O Courel o en Madrid, mi madre dijo: “Mejor así muriendo que vivir de esta manera”. Pero aún tardó en morir. Yo me casara aquel año y la visité en A Coruña. Recuerdo que estaba muy mal, chupada de cara, fastidiada y muy deprimida. Roberto hacía como que no se enteraba. Yo me casé en el 62, pero ella no pudo venir a la boda a pesar de que nos queríamos mucho.

Nos enteramos de la muerte de la tía Maruja por una carta que nos mandara a Madrid la familia de Roberto. Nos escribió Tinuca. Roberto no lo hizo porque no podía con el alma. Mi madre, que padecía del corazón, se enfadó mucho por saber la noticia por otra persona, pero el tío se encontraba muy mal. Al año siguiente de la muerte de la tía Maruja encontré a Roberto en A Coruña. Iba paseando por la calle y llevaba unas gafas sin cristal.

A experiencia vasca de María Mariño

*Mercedes, Teresa e Soledad
Barrenechea Mariño*

Vino sola y llegó en tren. Antes estuviera aquí el tío Cándido, que fue padrino de mi bautizo junto con una vecina que se llamaba Soledad Bueno Gómez. Vivíamos en Berango, aún no marcháramos para Algorta y no comenzara la guerra. Creo que la causa del viaje de la tía Maruja hasta aquí fue estar con mi madre. Se querían mucho y llevaban muchos años sin verse. Tal vez unos doce o trece, porque mi madre marchara de Galicia un año después de nacer Mercedes, la hermana mayor. Marchó de Noia en el año 1921 o a comienzos del año 1922. Nuestro hermano ya nació aquí, a finales de este año.

Nosotros vivíamos en la última casa de Berango, antes de llegar a la estación ferroviaria de La Rabasterra. Vino sola porque entonces solamente se podían hacer aquellos viajes largos en tren, como hice yo cuando fui a Noia en el año 1946 durante mi luna de miel. Estuvo con nosotros una temporada muy grande, llegara antes de la guerra. Se dedicó a coser por las casas porque trabajaba muy bien. Estuvo mucho tiempo aquí. Mis padres llegaron antes. Al año de nacer yo o un poco más tarde. Mi padre se quería venir de Galicia porque tenía aquí a su familia y quería que mi madre la conociese.

Cuando la tía Maruja estaba con nosotros en Berango se produjo la ofen-

siva de los nacionales contra Bilbao y el contraataque de los republicanos. Pasamos mucho miedo. Un día, mientras estaba cosiendo, comenzó a tocar la sirena y se negó a bajar a un sótano para refugiarse de los bombardeos. Toda enérgica decía: “No me voy de la máquina de coser. No voy al refugio. Me quedo aquí pase lo que pase”. Pero, como nuestra casa estaba situada en medio de los dos bandos, todas las noches escuchábamos las ametralladoras, los bombardeos de la artillería y veíamos como los aviones lanzaban fuego por el aire. Ella lo pasó muy mal. Sonaba la alarma y, al principio, ni se movía. Después, cuando se daba cuenta de que los obuses estallaban cerca de casa, corría a toda velocidad para refugiarse en la iglesia de los trinitarios que había cerca de nuestra casa. Ella fue testigo directo de la guerra porque Berango estaba rodeado por las trincheras de los dos bandos. A penas comió pan. Solamente había garbanzos y arroz. Vio como los fascistas italianos tomaban Bilbao y como los milicianos bajaban desde el monte y pasaban delante de nuestra casa. Había cadáveres destrozados. Fueron los días en que los republicanos incendiaron el puente colgante para impedir la toma de la ciudad y cuando quemaron la iglesia de las Arenas. Escuchó como los defensores de Bilbao gritaban: “Por aquí no pasaran”. Siempre decía que ella de política no entendía nada, pero lo que pasó aquellos días le quedó grabado. Hubo mucha represión pero a la gente de aquí, del Neguri, no les pasó nada. Aquí había gente muy gorda.

Era una mujer con mucho carácter. No era mucho de curas y no iba nunca a misa. Por eso, cuando vimos que un día se marchaba de casa a toda prisa, le preguntamos todas sorprendidas: “¿Adónde vas tía con esa rapidez?” Nos contestó sin pensárselo dos veces: “Voy a misa”. No se dió cuenta que era Viernes Santo y ese día no había misa. Pero fue igual, se marchó de casa a toda velocidad sin hacernos caso.

Tuvo un pretendiente mientras estuvo con nosotros. Era un comerciante que se llamaba José Barreiro. Anduvo detrás de ella todo el tiempo. Porque ella era una mujer muy vistosa. Le gustaba ir siempre muy arreglada. Mi madre le ayudaba a hacer vestidos y, cuando salía, siempre iba muy lucida. Llamaba la atención. Le gustaba mucho a los jóvenes. Andaban detrás de ella, pero la tía no le hacía caso a nadie. Los que intentaron convencerla de que José Barreiro era un buen partido perdían el tiempo. De aquella era una muchacha que no se quería comprometer con nadie. Quería andar a su aire. Si se casara con él otro gallo le cantaría. Era muy plantada y muy agradable.

El último día de la guerra marchamos para Algorta. Ella vino con nosotros. Estábamos en la casa Mercedes, Juan Antonio, Soledad y la tía Maruja. Durante la noche vinieron nuestros padres y Teresa porque Berango era un nido de fascistas y metralletas. Cuando a la mañana siguiente fuimos a por leche vimos como los milicianos avanzaban para tomar Bilbao. Entonces, cuando ya los bombardeos se habían terminado, volvimos a pasar miedo. La familia de su amiga Carmen Ornilla, que eran muy fachas, tenían una bandera española y ella le ayudó a esconderla en nuestra casa para que no les hicieran



CONCHA MARIÑO CAROU, IRMÁ MAIOR DA ESCRITORA E NAI DE MERCEDES, TERESA E SOLEDAD BARRENECHEA MARIÑO.



SOLEDAD, MERCEDES E TERESA BARRENECHEA MARIÑO EN ALGORTA-GETXO. AÑO 2005.

nada. Una noche vinieron con la bandera y un cáliz que la tía Maruja escondió debajo de un colchón. Nos jugamos la vida por tener guardadas estas cosas de gente de la derecha.

En otra ocasión, para evitar que algún soldado vasco fuese reclutado para la guerra, llegó a esconder en una casa abandonada a un mozo de Berango. Aquello era una barbaridad porque si se enteraban los republicanos que estaba en el pueblo seguro que la metían a ella en la cárcel, pero se arriesgó. Dijo que era casi un niño y no debía de ir a la guerra porque lo iban a matar. Ella era así. A veces hacía cosas de este tipo que, en aquellos tiempos tan problemáticos, eran verdaderas locuras.

Cuando el tío Roberto fue destinado a Elantxobe nos visitaban muy a menudo en Algorta. Él quedara sordo por culpa de una explosión, ocurrida durante la guerra en Asturias, y cuando hablaba siempre realizaba un gesto extraño. Era una persona muy educada y tranquila. Estuvieron mucho tiempo con nosotros. Fue aquí cuando la tía Maruja hizo, a partir de un abrigo, la capa de terciopelo negro que aparece en la fotografía que se repite siempre en los libros que se hicieron sobre ella.

Era muy presumida y siempre decía que ella era la hermana menor, la más pequeña. Siempre escondía su verdadera edad. Un día nos confesó que le había dicho al cura de Boiro que le ocultase su verdadera edad en el acta de matrimonio. Por donde iba siempre hacía lo mismo.

Cuando estuvo en Algorta volvió a recordar la amistad con su amiga Car-



TERESA, SOLEDAD E MERCEDES BARRENECHEA MARIÑO, AS SOBRÍÑAS VASCAS DE MARÍA MARIÑO, NUNHA IMAXE DA SÚA MOCIDADE EN EUSKADI.

men Ornilla. Fue esta amiga, que conoció cuando estuvo en Berango durante la guerra, la que acuñó una frase que luego siempre repetiríamos en la familia porque la tía Maruja, cuando estaba en O Courel, nunca contestaba a las cartas. Carmen Ornilla llegó a decir: “Maruja llevó el cariño en el bolsillo”. Aunque a ella le llegó a escribir alguna carta, incluso le envió su libro de poesías. Esta amiga era su confidente. Ella sabía muchas cosas de la vida íntima de nuestra tía. Cuando se marchó de Elantxobe nunca más la volvimos a ver. Nosotros nunca la fuimos a ver a ese puerto vasco donde estuvieron un año. Eran ellos los que se acercaban hasta Algorta para estar con nosotros y con nuestros padres.

Avelino Pousa Antelo

Presidente da Fundación Castelao

 o paso do tempo vánsenos borrando da memoria moitas das nosas vivencias, mais outras perduran apoiadas en vellas fotografías ou apuntes; tal é o que me sucede coa lembranza de María Mariño Carou, aquela muller noiesa humilde transplantada ás terras outas, as dos tesos cumes como dixera Novoneyra da súa terra do Courel.

Recordo perfectamente cando María, acompañando ao seu home Roberto Pose Carballido visitoume na casa da miña muller da Rúa Montevideo de Lugo, onde eu residía naquel tempo; Roberto fora compañeiro meu de estudos na Escola Normal de Maxisterio de Santiago de Compostela; xuntos aparecemos nunha foto de fin de carreira no ano 1935 diante do Pazo de San Xerome onde está hoxe o Reitorado da Universidade santiaguesa; o feito de que Roberto e mais eu esteamos xuntos demostra que eramos bos amigos.

A Guerra Civil separounos durante moitos anos; souben do matrimonio a través de amigos da famosa “Peña do Méndez”, entre os que estaban Manuel María, Uxío Novoneyra, Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Luis Pimentel, Ánxel Johán, Xosé Mouriz, Alonso Montero e outros.

María Mariño publicara en 1963 o seu poemario *Palabra no tempo* prologado por Don Ramón Otero Pedraño que, entre outras cousas, di: “Eiqué as palabras ordeanse cheas e madurecidas, froito de fondas experiencias. Polo escrito da escritora, pola fría tona da montaña, decorren arelanzas compañeiras do espírito dende o mencer decía o deus. Ela sabe achegarse a elas e engaiolalas. Non han de ser de moitos entendidas. Precísase un noviñado de soedade e de silencio. Ten de ficar moi lonxe a vaidade do artista literalidade e silencio. Ten de ficar moi lonxe a vaidade do artista literario, o gostar do libro novo na librería, a percura dun vento de serán en horto recente. María Mariño pensou, cecais, si co seu exemplo e palabras podera guiar leentes e ouvintes cara as cumes

Lembrando a María Mariño

do Courel que levamos dentro, a meirande forza e xustificación diante do silencio derradeiro silencio”.

No mes de marzo de 1964 o matrimonio Pose-Mariño visitoume na miña casa de Lugo onde a miña muller convalecía dunha operación cardíaca; debían cadrar aquelas datas coas vacacións de Semana Santa que o matrimonio veu pasar a Lugo; vímonos durante varios días e lembro a emoción e o entusiasmo con que Roberto me falaba de María á que cualificaba como unha nova Rosalía; nas reunións que normalmente celebrabamos no cuarto onde convalecía a miña dona falabamos dos nosos tempos de estudantes e tamén de poesía; eu daquela tamén escribía poemas como unha forma de evasión da triste realidade de aquel tempo; confirmamo unha dedicatoria do libro de María que di: *Para Avelino Pousa meu amigo poeta ca maior cordialidade. María Mariño; Lugo 28.3.1964*. Posteriormente mandoume outro exemplar, este co número 41; a dedicatoria di: *Pro matrimonio Pousa Antelo, afectuosamente. María Mariño, Parada do Courel, 11.4.64*.

Algunhas tardes saímos no meu SEAT 600 a facer uns percorridos polas aforas da cidade, dunha delas conservo esa foto do matrimonio cerca do Miño coas fillas Xela e Nora. Nas nosas conversas daqueles días debíamos recitar e intercambiar poemas e María deume varios dos seus, en castelán que conservei durante moitos anos, pero que debín



ROBERTO POSE CARBALLIDO E MARÍA MARIÑO CON GELA E NORA, AS FILLAS DE AVELINO POUSA ANTELO, PASEANDO NUNHA BARCA SOBRE O LEITO DO RÍO MIÑO.

extraviar nunha das miñas estadías en Canarias e Zaragoza. Ben que o sinto, pois este ano causarían un gran impacto na lembranza de María no Día das Letras Galegas.

Conservo nunha carpeta bastante voluminosa as publicacións sobre María Mariño nos xornais galegos, entre eles, a reseña da Asociación Cultural Catavento, presidida por Ana Blanco, que fixera un acto de desagravio a María Mariño polo feito lamentable e desagradable de que, a instancia dun dos herdeiros, fora retirada da casa onde residira a poeta, unha placa que dicía:

NESTA CASA NACEU O 8 DE XUÑO DE 1907 MARÍA MARIÑO CAROU. GRAN POETA DE GALICIA. AUTORA DE PALABRA NO TEMPO E VERBA QUE COMENZA. HOMENAXE DE CATAVENTO ASOCIACIÓN CULTURAL DE NOIA, 22-10-1983.


Con data do 23 de febreiro do mesmo ano publiquei en *La Voz de Galicia* un artigo titulado “O meu homenaxe a

María Mariño”. Tomei parte tamén no 97 aniversario do seu nacemento celebrado na Casa da Cultura de Noia do 9 ao 12 de xuño de 2004, e como membro dunha Asociación Cultural asumín a solicitude á Real Academia Galega para que lle fora concedida á poeta noiesa o Días das Letras Galegas no ano 2002”.

Esta é a miña aportación na honra dunha muller ilustre que tiveron a sorte de coñecer e tamén do seu marido, o meu gran amigo e compañeiro de estudos Roberto Pose Carballido.



O GALEGUISTA AVELINO POUSA ANTELO, ACOMPAÑADO NA IMAXE CON XOÁN MARIÑO, DESPOIS DA SÚA INTERVENCIÓN EN NOIA. 11 DE XUÑO DE 2004.



Paisaxes dunha vida



A vila de Noia no alvorexar do século XX

Polas ribeiras dun mar enxoiro



Pedro García Vidal

N aqueles primeiros anos de estreado século XX que acubillan a traxectoria vital de María Mariño, a fermosísima Noia gozaba dunha ditosa situación ao pé das augas e no medio dos montes que a abrigan e defenden. No final da ría, ese mar doce que semella un lago suízo, pousada sobre un pequeno outeiro lambido polas augas, aparecía Noia como unha flor prendida na cintura do Barbanza; unha Pisa atlántica, branca, rosa, ouro, con algo de Florencia, que parecía alentar nas súas moradas do século XIV nas que estaba aínda moi presente unha forte pegada medieval.

A NOIA DOS VELEIROS

Aquela vila de Noia de inicios de século seguía ollando cara ao mar da ría ao igual que o fixera desde a súa fundación, aínda nun porto que de tan recollido semellaba non existir. E, paradoxalmente, todo ía e viña polas súas augas. O mar da ría constituía o principal fornecedor de fluxos humanos e económicos; era ao mesmo tempo, despena e camiño principal nos intercambios. Xentes e mercadorías tiñan nas augas a única vía de comunicación válida, tanto a longa como a curta distancia. Incluso, dadas as graves carencias que presentaban as comunicacións terrestres, dentro da propia ría florecía un servizo de embarcacións destinadas a satisfacer esta demanda. Barcas de

paso entre Rates e Ceilán, ou entre as dúas “Barquiñas” proporcionaban imaxes de mulleres en branco e negro tocadas cos típicos sombreiros sancosmeiros embarcadas en veleiros coas súas cestas e cestos de vimbio ateigados de todo tipo de produtos do agro a desembarcar no recentemente estreado peirao do Marqués.

Como porto de marea que era Noia, a cada retirada das augas, aparecían espidas as *ribeiras de mar enxoiro* de María Mariño —aquelas que gustaba percorrer en soledade—, agardando un mar e outro mar que as asolagase. Nas augas tranquilas dos charcos que deixaba a marea devalada, reflectíanse as prendidas tintas, e cubríanse de sombras os montes que aprisionaban a vila. Alí, na seca, agardaba o misterio dunha anovada vida en cada poza ou baixo cada unha das pequenas pedras ao descuberto. Por iso a ribeira enxoiro, ese espazo de asolagamento temporal, era un lugar máxico para os nenos; tamén unha despena a man onde acudir para dar acougo á fame máis inmediata.

Coa subida da marea achegábanse aos peiraos, da man dos míticos patróns, un continuo desfilar de velas brancas que proporcionaban vida a aquela Noia dos veleiros. Xente, barcos, mercadorías, carros para o transporte, enchían de frenética actividade e bulicio a ribeira. Pero ese mar ocasional, presente só na fugacidade dunha marea, comezaba a dar mostras de cansazo. Os continuados aportes dos ríos encheran o fondo da enseada e a vida do mar desertaba pouco a pouco do vello porto e dos fermosos peiraos, agora só accesibles nas altas mareas. Era o preludio dun novo tempo no que as vías e o transporte terrestres tomarían o relevo ao mar e aos veleiros.

A PODEROSA PRESENZA DO PASADO

Era por aquel tempo Noia unha pequena Compostela de rexa arquitectura en granito en casas burguesas e



O MAR DA RÍA, AÍNDA COAS DIFICULTADES DE SER NOIA UN PORTO DE MAREA, ERA FONTE DE VIDA E HABITUAL VÍA DE COMUNICACIÓN.

señoriais, que conservaba coma poucas vilas de Galicia o seu antigo aspecto e vellas tradicións. Os edificios antigos aparecían espallados polas rúas. Unha congregación de robustos sobreviventes dos séculos XIV e XV coincidían agrupados nos arredores de San Martiño, unha igrexa que causaba a dobre impresión dunha fortaleza e a dunha igrexa con raíces en Compostela. A outra destacada igrexa da vila, Santa María a Nova, gardaba o cemiterio máis “saudoso” de Galicia e un conxunto de laudas sepulcrais con marcas gremiais e persoais que constituían un documento único da economía e sociedade noie-sas de épocas pasadas.

Moitas partes da antiga muralla que rodeaba a vila nos tempos medievais aínda estaban en pé, e as mulleres dos mariñeiros remendaban as redes penduradas dela. Nun tempo as augas batían contra os seus muros, pero agora, logo da construción dos diques, o seu labor de contención de inimigos humanos e naturais xa rematara como ben poñía de manifesto o seu estado de abandono. Xunto coa esmorecente muralla, percibíanse as pegadas dun tempo magnífico pero esgotado e que xa quedara atrás, na extraordinaria aldraba dun pazo esvelto, ou na solidez dos anchos e altos muros cubertos de musgo doutro, ou polas ventás góticas dun terceiro, ... que daba a impresión de

que antigamente, unha xente semellante a María Mariño levara alí unha vida completamente diferente, pero aqueles tempos remataran e agora era distinto.


NA PROCURA DA CAPITALIDADE

A vila quería ser cidade, unha pequena capital con servizos axeitados á súa categoría. Iso precisaba dun esforzo dirixido a incrementar a súa centralidade, a súa influencia e poder de atracción sobre a maior cantidade posible de poboación circundante. A celebración de feiras e mercados constituía unha importante contribución para conseguilo. Desde a segunda metade do XIX celebrábase feira o primeiro e o terceiro domingo de cada mes, e unha anual de gando cabalar, concorridísima, o 25 de abril, día de San Marcos. Había tamén mercados semanais os xoves e domingos, funcionando coma verdadeiros centros comerciais ao aire libre na Porta da Vila ou na Angustia. Nos días

de feira acudía xente dos densamente poboados outeiros e vales da redonda e Noia enchíase de vida e balbordo. Innumerales postos, cubertos e mostradores ateigados de mercadorías das aldeas: laranxas cultivadas na veciñanza, os sombreiros de palla trenzada locais, cestas de ovos, filas de ataúdes (os grandes pintados de negro, e os pequenos de branco), queixos da aldea e verduras frescas, pequenos montóns de millo, paínzo, garavanzos, roupa tecida a man, e utensilios de lata para a cociña.

Como servizos dunha vila que aspira a ser cidade, Noia contaba con estación telegráfica limitada e era residencia das autoridades do partido e Concello e dos notarios asignados ao partido. O alumado eléctrico subministrábao a “Sociedade Electra do Xallas”, domiciliada en Muros. Había sociedade de recreo, teatro e ocasional praza de touros. Tamén existían unha Liga Cívica, unha mutua-

lidade obreira e unha sociedade de socorros mutuos. Posuía, ademais, outros elementos necesarios para a vida moderna, como cafés ben montados e fornecidos establecementos de comercio, fondas e pousadas, casas de Banca, consignatarios de buques, navieiros, confeitерías, farmacias, fotografías, imprentas, etc. As antigas florecentes industrias mostran xa nos albores do novo século signos de esgotamento por mor da poderosa competencia das grandes empresas, porén estas van substituíndose por outras novas que demandan as necesidades modernas. Medran e prosperan fábricas de bebidas gaseadas, chocolates, xabón, telleiras, construción de cestas, serrarías, pirotecnia, etc. Porén o aire industrializador de Noia seguía impregnado de salitre e coiro como poñían de manifesto as dúas grandes fábricas de conservas de toda clase, das mellor montadas e acreditadas de Galicia, así como cinco ou seis de curtidos e sete de papel, movidas con forza hidráulica subministrada polo río Castro desde a altura e distancia de San Xusto, ata preto da vila. A instrución pública estaba ben atendida, pois ademais das catro escolas nacionais había algunha particular e un colexio de segunda ensinanza, o de San Vicente de Paúl, e o das Trinitarias da Concepción.



NO MESMO ANO EN QUE NACÍA A AUTORA DE *PALABRA NO TEMPO* (1907), D. RAMÓN LIRA CASTRO E BOÁN REALIZABA ESTE PRECISO PLANO DA VILA DE NOIA.



ESTA RÚA, REBAUTIZADA COMO RÚA DO COMERCIO NO ANO 1893, REPRESENTA O TRUNFO DA BURGUESÍA COMERCIAL QUE TOMA O RELEVO AOS SEÑORES DOS PAZOS.

A VILA RECONSTRUÍDA

No mesmo ano en que a autora de *Verba que comenza vía a luz* (1907), Don Ramón Lira Castro de Boán, profesor de debuxo, realizaba o plano da vila, do seu porto e arrabaldes. Con el inaugurábase un tempo novo para o urbanismo, no que os levantamentos previos de planos xeométricos das poboacións tiñan como finalidade proceder dun xeito racional á reforma interior das mesmas, coa intención de buscar solucións aos problemas máis urxentes, relacionados coa edificación, o saneamento ou a circulación. O preciso debuxo pon de manifesto as limitadas transformacións da vila de Noia ao respecto dos tempos medievais, de acordo cos deficientes motores de crecemento ata ese momento. O recinto intramuros pechaba a Noia oficial, e os desenvolvementos extramuros eran coincidentes cos vellos barrios xurdidos na Idade Media. Pero ao mesmo tempo, nesa instantánea daquela Noia de recente inaugurado século, xa se debuxaban os cambios que ían transformar dun xeito importante aquel vello espazo urbano de presenza documental desde o século XII. A vila manifestaba as súas pasadas prosperidades, pero igualmente comezaba a mostrar a posibilidade doutras novas. Toda ela estaba en proceso de reconstrución, semellando querer redefinir o seu antigo rol: a trama viaria estaba sendo intensamente remodelada, as comunicacións terrestres co exterior constituían

un obxectivo prioritario, e os espazos libres e construídos estaban sufrindo unha profunda metamorfose.

Os hixienistas demostraran que as condicións insáns das vilas antigas acurtaban a vida dos seus habitantes. De aí que a vila histórica noiesa vaia ser profundamente transformada no canto de conseguir un aire máis puro e un interior máis soleado. As rúas máis céntricas como O Cantón, Montero Ríos ou a rúa do Comercio, ao mesmo tempo que se procede á construción da rede de sumidoiros e insístese na renovación do seu lousado, proseguían co proceso de aliñación e ampliación iniciado anos antes, que ía ser causa de morte para o vello soportal representante xenuíno da cidade medieval. Pero tamén o alzado da cidade se transforma, e así estes sectores privilexiados pobóanse de casas académicas en pedra con baixo comercial e fachadas en balcóns e galerías brancas. Logo, co modernismo, tamén terán cabida novos modelos e materiais con tan excelentes resultados construti-

vos como o senlleiro teatro Coliseo Noela (1920). As prazas como a do Tapal, ábreñse tamén ao aire e á luz eliminando atrancos. Simultaneamente, na procura de paseos urbanos onde poder gozar do aire libre e do sol, proséguese no proxecto de preparación e coidados da nacente Alameda e Xardíns de Felipe de Castro, orgullo e fachenda da cidadanía noíesa.

A modernización epidérmica da vila levada a cabo polas novas forzas burguesas co fin de adaptala aos novos criterios da habitabilidade da época, alteraron a orde semántica do espazo urbano. Poténciase agora un segundo centro urbano no Cantón e na recentemente rebautizada rúa do Comercio que toma o relevo ao Tapal e arredores da igrexa de San Martiño. Estes anovados espazos centrarán os percorridos dos principais itinerarios urbanos. Ao seu traveso ten lugar o paseo dominical e igualmente van ser sacralizados polo discorrer das procesións relixiosas.

A medida que se sucedían os cambios físicos mencionados, agudizábase a separación entre as clases acomodadas que habitaban as zonas máis céntricas obxecto preferente das reformas, e as clases traballadoras que se amoreaban en casas pequenas e antigas en barrios sen servizos básicos e en condicións hixiénico-sanitarias moi precarias. Esta segregación espacial na vila, manifestábase na separación social entre os habitantes das “rúas de Abaixo” e “Pescadería” á marxe das intervencións urbanas, e os “señoritos do Cantón” residentes nos novos espazos reconvertidos. Esta separación espacial ía manifestarse igualmente nas novas formas e lugares de sociabilidade. As clases altas e medias, formadas pola ascendente burguesía industrial, comercial ou funcionarial, atopa-



NOS DÍAS DE MERCADO, CANDO ACUDÍA XENTE DOS OUTEIROS E VALES DA REDONDA, NOIA ENCHÍASE DE VIDA E BALBORDO

ron no Casino —o lugar ao que se pertencía por vontade propia sempre que se cumprisen certas condicións—, o selecto club que proporcionaba distinción social. A taberna, pola contra, onde non só se consumía alcohol, senón que se compartían experiencias e forxaban solidariedades, constituía o lugar de sociabilidade das clases populares. Máis tarde a fundación da Sociedade Liceo actuou como unha resposta popular ao aristocrático e clasista Casino. Ao mesmo tempo, no campo do Triquinai, e a través da práctica do fútbol, o pobo atopou no deporte outra forma de socialización do ocio.

Desde a rúa Cega, no linde entre os dous espazos vilegos diferenciados construtiva e socialmente, as observadoras retinas de María Mariño, filla dun modesto zapateiro e dunha costureira, foron testemuñas dos profundos cambios que estaban operándose na vila. Un tempo novo estaba nacente, e unha nova clase emerxente tomaba o relevo dos antigos señores residentes nos vellos pazos. As dúbidas instaláronse no corazón da moza na incerteza dun futuro que comezaba a debuxarse.

NOTA. Este artigo foi realizado a partir das diferentes visións que os autores a continuación citados deixaron impresas logo de recalar nesta vila naquelas décadas iniciais do século XX:

Manuel Murguía (1885)

Annete Mekin (1909)

Santiago Abella (1911)

Ruth Matilda Anderson (1924-26)

Carré Aldao (1920)

Ramón Otero Pedrayo (1926)

Álvaro Cunqueiro (1950)



Antón Rodríguez Gallardo

O Escarabote vivido pola poeta María Mariño

Agradecementos: a Paula Tubío, Margarita Pérez e Gerardo Maneiro, pola súa fundamental aportación a este traballo.

Entre mediados dos anos vinte e principios dos corenta, con intermitentes ausencias, a poeta María Mariño vivirá xunto á súa familia na aldea boirense de Escarabote, na parroquia de Santiago de Lampón. Pouco ou nada ten que ver o Escarabote actual, inmerso nun intenso e desfigurador proceso de urbanización, co daquela. Nos parágrafos que seguen tentaremos dar uns trazos, unha visión moi xeral do espazo vivido naqueles anos pola destacada escritora noíesa.

UNHA ALDEA MARIÑEIRA

Escarabote era no primeiro terzo do século XX unha pintoresca e populosa aldea da parroquia de Santiago de Lampón, na que vivían unhas 800 persoas, case a metade da poboación da freguesía. Emprazado nun somonte do Barbanza acariñado polas augas arousás de Barraña, distribuíu a maioría do seu caserío polas beiras e arredores da estrada que, de Boiro, vai cara á Pobra do Caramiñal. Con inicio en Escarabotiño, núcleo veciño duns 200 habitantes, e remate no Pontellón, xa no límite co municipio pobrense, dúas ringleiras de casas, baixas e cativas case todas, foran medrando a ámbolos dous lados do vieiro. Nalgúns puntos, as edificacións seguían tramos conservados do antigo Camiño Real, ascendendo lixeiramente polo somonte unhas veces, e baixando cara ao mar noutras. Nesta parte da aldea, medianamente iluminada dende mediados da Segunda República e atravesada a diario polos autobuses *García Martí* e *El Ideal Gallego*, atoparan os escasos establecementos públicos de Escarabote o lugar idóneo para se estableceren, caso do cumprido almacén de Crusat, onde mercaba toda a veciñanza, ou do cine de José Luís de Rosomil, pioneiro, alá por 1937, na proxección de películas sonoras no municipio de Boiro. Algúns camiños, angostos e costentos, comunicaban esta parte da aldea coa mesma beiramar, onde casas e galpóns, alleos a calquera orde, salpicaban cons e areais.

A pesar de carecer das infraestruturas necesarias, a vida en Escarabote xiraba por completo en torno ao mar. Tema cotián de conversa e vehemente discusión, xunto á bárbara moda da pesca con dinamita, era a construción dun peirao. Malia constituír reivindicación histórica, a desexada obra non pasaría durante moito tempo de ser unha va promesa en boca de políticos chegados ao lugar en periplo electoral. Cando na Segunda República se concretaba un acordo firme para a construción do anhelado peirao, e xa cos traballos previos iniciados, o estoupido da Guerra Civil acabaría paralizandoo obra ata moito tempo despois.

A actividade pesqueira tiña, nestas circunstancias, que realizarse en precario, en torno a dúas praiñas: a de Peralto, con fábrica de salgadura xa de vello, e sobre todo, a xa referida da Agramuíña, eixo, xunto á estrada, da vida escarabotense. Sen abeiro artificial, na época de temporais as embarcacións tiñan que buscar protección no inmediato esteiro do río Coroño. A pesar destas e outras carencias, contaba Escarabote cun elevado número de mariñeiros e pequenas embarcacións, case todas lanchas xeiteiras, racús e gamelas. Unha modesta pero activa flota artesanal que, dominadora de artes como o bou, o rastro, o xeito ou o cerco, descargaba acotío no esvaradío e irre-

gular puntal da Agramuíña cantidades xeitosas de sardiña e xouba, xarda, buraces, bucareus e outras especies da ría. A maioría do peixe adoitaba acabar nalgũa conserveira, como a de Curbera, en Cabo da Cruz; aínda que tamén parte, o dos quiñóns dos mariñeiros, por exemplo, era vendido en fresco polas pescas escaraboteiras, que coas súas bacías na cabeza voceaban a frescura do xénero nas prazas de Boiro e A Pobra do Caramiñal, e mesmo polas portas das casas, onde ás veces, nas aldeas da montaña, realizaban un elemental troco de peixe por boroa.

Mariñeiros rexos, os escarabotenses emprenderán tamén esforzadas singraduras, alternando vela e remos, lonxe da ría da Arousa, chegando coas súas embarcacións, como aínda recordan fachendosos os máis vellos da aldea, mesmo ás costas de Fisterra. Ou xogáranse a vida a bordo de pesqueiros de altura nos caladoiros do Atlántico (Grand Sole, Terranova, ...).

Escarabote era, en definitiva, o contrapunto mariñeiro dunha parroquia, Santiago de Lampón, na que o traballo no agro, no monte e nas minas de estaño ocupaban tamén a moita xente.

ANACOS DO TEMPO

María Mariño chega a esta aldea mariñeira en 1927, mediada a ditadura de Primo de Rivera. Neste período, de certos avances para o municipio de Boiro, como a luz eléctrica ou o teléfono, a vida transcorre austera e monótona en Escarabote, sendo a creación da confraría de pescadores e a súa escola, aberta cara a 1928 a iniciativa de Antonio Lago, José Ríos e Paco Crusat, a nova de maior transcendencia social que coñecemos.

A dura realidade cotiá rompíase apenas cos descansos dominicais de misa e xogo dos birlos, e esporádicos bailes de



RACÚ NA RIBEIRA DE AGRAMUIÑA



DESEMBOCADURA DO RÍO COROÑO E PRAIA DE BARRAÑA DENDE A MADALENA

acordeón. E, unha vez ao ano, tamén coas principais festividades: o San Amaro, no inverno, e as patronais do verán, con banda de música e fogos de artificio da pirotecnia local de Valentín González Somoza. A xente de máis fuste, amais de frecuentar a fachendosa Torre de Goiáns, adoitaba buscar solaz en Boiro facendo tertulia no Café Cosmopolita, gozando das veladas teatrais do salón de Isabel Maestre ou co fútbol en Barraña, onde o escarabotense Toñito Crusat se iniciara antes de fichar polo Celta de Vigo.

Alborecendo os anos trinta, o remate da ditadura primorriverista propiciaba a proclamación da ilusionante Segunda República, que nacía lastrada pola crise económica mundial derivada do derrube financeiro norteamericano de 1929, e estaría marcada pola convulsión política e social. Apreixados polo paro (unha das consecuencias que a crise trouxo a Galiza, despois do peche das fronteiras dos tradicionais destinos de acollida dos seus emigrantes, e o retorno obrigado de moitos deles), e ansiosos de deixar atrás anos de caciquismo e miserias, moitos traballadores boirenses decidirán organizarse para reivindicaren melloras e xustiza social. A marea



NA FINCA DA TORRE DE GOIÁNS

obreirista chegaba a Escarabote xa no verán de 1931, coa fundación da *Sociedad Agraria, Marítima y de Oficios Varios El Centro Obrero*, uxetista e fiel aliada do sindicato boirense *La Fraternidad*. Antonio Lago, Tomás Domínguez, Adolfo Rey, Juan M. Santiago e José Muñiz, entre outros, integrarán a súa primeira directiva. A mobilización obreira en Boiro sería constante ao longo do período republicano, onde, perdido o respecto ao cacique, non deixaron de se escoitar berros reivindicativos con arelas de revolución social. O mariñeiro núcleo escarabotense, ao contrario que as conservadoras aldeas labregas da parroquia, converteríase nun bastión da esquerda boirense. Tanto, que o padre Silva Ferreiro na súa fanática obra *Galicia y el Movimiento Nacional* (1938), na que se dedica a desprestixiar sen xeito nin dereito a actuación daquelas persoas e ideoloxías identificadas coa República, conclúe o apartado que dedica a Escarabote celebrando, nada máis nin nada menos, que o remate “*de una etapa en que, con el mayor descaro, se ensayaban en este pueblo –en otro tiempo honrado y laborioso– las prácticas todas de la revolución y el soviet, empezando por los atentados contra Dios, la Religión y el derecho de propiedad, y acabando por las destructoras acometidas que a muchos hogares y familias venía dirigiendo el fantasma del Amor libre*”.

Non sabemos se mediatizadas pola sona revolucionaria do lugar ou debido a unha fatal casualidade, as tropas golpistas que tomaron Boiro o 27 de xullo do 36, no seu avance por terras de Lampón camiño da Pobra do Caramiñal, acabaron tinguindo de loito os fogares de tres vítimas inocentes: un ancián, un rapaz e unha muller nova. O

período que agora se iniciaba para non rematar ata ben entrados os anos corenta estaría marcado polo integrista sectorio da *Falange* e da Igrexa católica, especialmente obsesionada por “reevanxelizarse” os núcleos *roxos*; polas humillacións e malleiras no xulgado de Cimadevila; polos asasinatos impunes; polos estraperlistas sen escrúpulos enriquecidos a conta da necesidade allea; polas roubachas de mineral, e tamén pola fame, que se enquistou especialmente nos máis humildes fogares mariñeiros de Escarabote, obrigando a moita xente a emprender unha penosa peregrinación por vilas e aldeas na procura de esmola.

Nun ambiente escuro, de miseria moral e material, de odios velados e medos intensos, transcorrería a vida en Escarabote dende o verán do ano 36 ata practicamente inicios da década dos cincuenta.

EPÍLOGO

A pedra da Aroña; o muro de Clementes; a igrexa da Madalena; o estridente chío das gaivotas e carráns trala pesca descargada na ribeira; a aristocrática e fachendosa torre de Goiáns; a vetusta fábrica de salgadura de Peralto; a praia da Agramuíña coloreada de racús e gamelas; o ruído das tabernas mariñeiras da Muradana, o Gato, a Cebola ou a Burana; o xogo dos birlos de Castro das barreiras; as minas do Cobo; o penetrante cheiro a argazo e maga de peixe; o monte da Meda; o río do Crego; as pacientes atadoras amañando redes e vidas alleas; a festa do *Sanamaro*; os berros reivindicativos dos primeiros de maio republicanos; ou o Aitón, atalaia desde onde os mariñeiros outeaban o horizonte na busca de respostas, son algúns dos motivos inalienables daquel Escarabote comprimido entre o mar e a serra que coñeceu María Mariño.

Flores e espiñas nas minas de San Finx



Maite Sobrado Creo

A HISTORIA

Despois da época de escuridade documental da Idade Media e parte da Moderna, chegamos a 1884 cando o xacemento de estaño de San Finx é solicitado en concesión polo cidadán británico Sir Henry Winter Burbury. A partir deste momento comeza a época de maior explotación e esplendor desta mina (finais do S. XIX - anos 90 do S. XX) que, xunto co funcionamento das cinco fábricas de papel nas beiras do río San Xusto e do Vilacova, conforma o patrimonio industrial máis importante do concello de Lousame.

É a finais do século XIX, cando a compañía inglesa “The San Finx Tin Mines Limited” rexistra a concesión mineira de estaño “Phoenicia”, sita no lugar de *Covas dos Mouros*, preto da aldea de *Forjano* (actual Froxán). Estes son os primeiros documentos modernos que fan referencia á explotación das minas de San Finx, pero se nos fixamos na etimoloxía dos topónimos anteriores e doutros que atopamos no entorno (Fonte Ferreiros, O Agro do Forno...), indúcenos a pensar que xa en épocas moi antigas houbo neste lugar explotación e fundición de minerais. A conexión entre esta explotación mineira e os diferentes xacementos arqueolóxicos do Barbanza, está aínda por estudar.

Tras pasar por varias mans, sempre inglesas, as Minas tiveron o seu derraideiro propietario desta nacionalidade

dende 1933 ata o remate da Guerra Civil. O seu nome é Alfred Burne, que foi xerente durante este período e residía no edificio da xerencia construído polos seus antecesores.

A FEBRE DO WOLFRAM

É esta unha etapa de importancia primordial na historia das minas de San Finx, que se corresponde cos anos 40 e 50. Para chegar a comprender este período, convén aclarar que ata a segunda década do S. XX só se explotaba o estaño, e que a partir desta época é cando se comeza coa extracción doutro mineral, o wolfram, que tamén aparece en San Finx con moita pureza e cunha abundancia semellante á do estaño. Este período de gran valor do wolfram, dada a demanda dos países que estaban involucrados na Segunda Guerra Mundial, especialmente Inglaterra e Alemaña, transcorre dende o remate da Guerra Civil española ata os anos 50, e dá lugar a que cheguen a Lousame centos de persoas dende concellos limítrofes, como consecuencia da fame coa que se convivía nos primeiros anos da posguerra. Esta xente, que viña acotío a pé polos diferentes camiños, que se convertían nun fervedoiro dende as primeiras horas da mañá, ou quedaba a durmir nas aldeas próximas ás minas, traballaba extraendo wolfram a nivel superficial na chamada “zona libre”¹. Esta forma de gañar unhas pesetas cando tanto se necesitaban, chamábanlle os propios traballadores (tanto da zona libre como do monte dos arredores), “andar á roubacha” ou “ir ás pintas”.

É neste contexto de miseria e fame cando San Finx supuxo un pulo importante na economía da zona. Tamén a demografía de Lousame se ve afectada, medrando a poboación dos 4.000 habitantes que tiña o concello no

¹ A “Zona Libre” é unha área que non estaba incluída na concesión mineira que explotaba “Industrias Gallegas S.A.” dende o ano 1941, despois de ser nacionalizada esta mina ó remate da Guerra Civil.



O COMPLEXO MINEIRO DE SAN FINX ACOLEU Á ESCRITORA CANDO ALUMEOU AO SEU FILLO —ROBERTO POSE MARIÑO— NO VERÁN DO ANO 1946.



ESTA PAISAXE DE SAN FINX QUEDARÍA GRAVADA PARA SEMPRE NA MEMORIA DE MARÍA MARIÑO

1900 aos 6.500 no ano 1955. Este feito é máis significativo se temos en conta que esta primeira metade do século XX se caracteriza en toda Galicia por unha masiva emigración cara a América na busca dunha mellora no medio de vida cando na nosa terra había poucas posibilidades de progresar.

AS MULLERES NAS MINAS

O colectivo feminino formaba unha importante parte do continxente dos habitantes e traballadores das Minas, convivindo as traballadoras sen contrato con aquelas que tiñan a súa situación laboral regulada. Elas desempeñaban todo tipo de traballos: servizo doméstico, cargando vagóns, separando o mineral, secándoo, augadoras (levando auga ás casas e fábricas mentres non se introdu-

ciu a auga corrente), traendo leña para as fábricas (os fornos e secadoras do mineral quentábanse con leña de toxo) e as casas, ou buscando estaño e wolfram polo monte. Como pode evidenciarse, nesta época de maior explotación, o traballo das mulleres é fundamental en San Finx. Pero non só vivían mulleres que traballaban na mina, tamén habitaban alí algúns obreiros coas súas familias.

AS VIVENDAS

Na contorna da infraestrutura mineira, debido á cantidade de xente que alí traballaba, constituíuse pouco a pouco un poboado. Tanto os mineiros como as súas familias, podían residir nas casas construídas pola empresa explotadora: o **Cuartel Novo**, o **Cuartel Vello**, as **Casas Baratas**, **Casa do Páramo**...

Os xerentes residían, ata os anos 60, na **Xerencia**; na **Casa Azul** vivían facultativos e pagadores e as súas familias; na **Casa de Castiñeiros**, aloxábanse facultativos; o médico vivía na **Casa de Regos**; na Casa do Páramo residían os traballadores solteiros; no Cuartel Vello vivía un grupo escollido

de traballadores, oficinistas, encargados...; no Cuartel Novo (onde hoxe están situadas as separadoras magnéticas e os fornos) aloxábanse entre 40 e 50 mineiros, dispoñían dunha pequena fonda, cociña e carnicería, podíase contratar o servizo de cociñeira; e nas Casas Baratas, dous edificios con tres vivendas cada unha, residían algúns traballadores e as súas familias. Por estas casas pagaban, dependendo da época, entre unha e dúas pesetas, prezo no que se incluía tanto o aloxamento como a electricidade. Boa parte destas edificacións foron construídas na etapa de propiedade inglesa.

MARÍA MARIÑO NAS MINAS

Nos anos 40 residía nas Casas Baratas, un mecánico de coches no taller da empresa, Emilio Mariño “O Fiscal”. Foi alí a recalar coa súa irmá María no 1946. Todos os indicios apuntan a que María Mariño se achegou a este enclave do noso concello porque é aquí, e non na súa Noia natal, onde se atopaba unha parte da súa familia, cando ela e o seu marido Roberto Pose Carballido volvan de Elantxobe, en Euskadi, onde Roberto traballou de mestre un ano. Nas Minas, seu irmán Emilio residía coa súa dona, coa súa filla e con súa nai Filomena Carou Lado, en plena época do wolfram, cando o poboado tiña tanta actividade, que a xente que o recorda di que había tanto movemento coma na vila de Noia.

Se tratamos de imaxinarnos esta efervescencia que acontecía acotío nesta época, resúltanos bastante difícil, xa que son poucos restos que o testemuñen: ruínas das edificacións existentes, case que todas elas construídas na época dos ingleses, e a memoria da xente de máis idade das aldeas limítrofes. As edificacións eran moitas e coidadas, como xa se relatou, había multitude de xardíns por todas partes con plantas e flores nunca vistas, traídas do Reino Unido, instalacións deportivas



MARÍA MARIÑO, FILOMENA CAROU LADO E MERCEDES BARRENECHEA MARIÑO NAS CASAS BARATAS DE SAN FINX. ANO 1946.

como pista de tenis e piscina, e moita xente por todas partes realizando variadas tarefas. Outro aspecto salientable é que os traballadores das minas dispoñían de servizo médico gratuíto para eles e as súas familias. Pode ser este, xunto con todo o anteriormente exposto, un factor clave para a determinación de María Mariño de permanecer aquí, xa que, como chegou estando embarazada, podía ser mellor atendida en caso de requirilo. Pero estas precaucións resultaron insuficientes, porque o fillo da poetisa, Roberto Pose Mariño, naceu un 6 de setembro de 1946 e morreu alí mesmo o 10 de outubro como consecuencia dun colapso cardíaco. Lamentablemente non remataron aquí as trágicas vivencias de María Mariño nas minas, porque o 16 de marzo do ano seguinte morrería o seu irmán Emilio a consecuencia dunha enfermidade pulmonar. E a partir de aquí xa comeza a etapa do Courel na biografía da poetisa.

Aínda que estes feitos son lutuosos e moi tristes para a escritora, á quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, cómpre rematar incidindo no rebulir do ambiente que se vivía naquel entón neste enclave industrial. Na actualidade estase a restaurar parte deste patrimonio no que se fraguaron tantas historias de ledicia e amargura coma o ronsel de persoas que estiveron vinculadas dalgún xeito a el.

Elantxobe

O fresco aloumiño dos salseiros do Cantábrico

Pedro García Vidal

 ontaba trinta e oito anos cando a autora de *Palabra no tempo* se achegaba á bravura dun mar Cantábrico, lonxe das alagadas e plácidas augas de fondo de ría de Noia ou de Boiro. Foi durante o curso 1945-46, cando Roberto, marido de María Mariño e mestre de profesión, vai ser destinado ao País Vasco, en concreto á comarca de Busturialdea, coa escola en Elantxobe, un pequeno porto pesqueiro na costa biscaíña onde o matrimonio permanecerá un só curso. As agrestes paisaxes que se presentaban á súa ollada de seguro deberon impresionalos, sobre todo polo forte contraste coa dozura e suavidade das terras que deixaban: dun mar doméstico, por veces enxoito, das rías baixas, ao mar bravío e fero que se abría sen fin fronte ao bordo costeiro; do gris do granito que tapizaba as terras barbancesas ao abrancazado da calcaria predominante nestes relevos; dunha costa baixa e suave tapizada de finas areas, a unha acantilada e agreste onde o mar batía con teimosía.

Tal vez ese poder do mar fose o que máis impresionou aos novos veciños. O mar en Elantxobe está sempre presente. Non é un mar que se intúa, ou un mar ocasional que só aparece a cada pulo da marea como sucedía na vila de Noia, senón que, pola contra, é un mar que se respira, un mar que o invade todo, un mar omnipresente. Un mar tamén ruidoso que loitaba acotío nos arcos do litoral bravo, esculpindo relevos de expresivo titanismo. Por iso nesta costa bravía onde ían instalarse debuxábanse paisaxes moi diferentes en espazos reducidos: nun breve percorrido de oeste a leste pásase da praia de Laga aberta ao Cantábrico, aos impresionantes acantilados do Ogoño, para logo aparecer o minúsculo abrigo onde se resgarda o porto de Elantxobe.

O monte Ogoño, unha poderosa mole en pedra calcaria que cae directamente ao mar desde os seus trescentos metros de altitude dando forma a un vertixinoso cantil, exerce como gardián de Elantxobe. Aos seus pés resgár-

dase a pequena cala ao abrigo da fereza do Cantábrico. No século XVI comeza a poboarse o barrio de Elantxobe con pescadores e mareantes de Ibarrangelu, poboación que desde o alto do acantilado viu no diminuto entrante a posibilidade de facer porto. O refuxio de Ogoño aínda que non era un lugar favorable para a construción das súas vivendas, si o era, porén, para que as súas embarcacións estivesen a resguardo. Así foi que un grupo de casaríos na parte superior foi alongándose cara ao porto natural ao pé do acantilado ao que baixaban os seus moradores acotío. O establecemento nun lugar tan estreito e empinado non podía facerse ao xeito tradicional, en casas apartadas, senón parede con parede, en edificios corridos que dan lugar a rúas como a principal ou rúa Maior que serpea pola empinada ladeira cos tellados aparentando banzos dunha escada.

Colgado na aba do monte Ogoño, Elantxobe semella esboroarse sobre o Cantábrico. Estirado cara ao mar da vida, esta vila mariñeira é sen dúbida unha das máis senlleiras da costa vasca. Condicionadas pola topografía, cada rúa constitúe unha empinada costa e a estrutura urbana é tan apertada, que na praza “maior” só unha plataforma xiratoria permite que o autobús de liña poida dar a volta. Desde este lugar, situado no alto da vila, ofrécense magníficas vistas sobre o peirao.

O carácter indomábel das xentes deste pequeno establecemento pesqueiro ponse de manifesto na teimosía da súa incansable loita contra o mar. Contra unha natureza adversa que cada inverno pon a proba os febles peiraos protectores das embarcacións, as xentes proseguiron na porfía. Polos séculos XVII e XVIII existía un pequeno peirao que repetidas veces foi destruído pola fereza dos temporais. Grandes gastos ocasionaba ao concello de Ibarrangelu e á confraría a reparación dos estragos arranxados con pedra do Ogoño. No ano 1783 construíuse o seu porto pechado mellorando moito a situación do interior do mesmo. A mediados do XIX ampliábase o porto coa construción de dous peiraos exteriores case paralelos aos primitivos.

Os de Elantxobe eran pescadores sobre todo de baleas, desde finais do verán ata pasado o inverno, que proporcionaban, entre outras utilidades, aceite para alumear as casas ou ósos para levantar cercas. No alto do Ogoño existía un posto de observación que avisaba da presenza de baleas na costa mediante sinais de fume aos patróns das embarcacións. Cando a pesca de balea comezou a escasear, os pescadores de Elantxobe dedicáronse a outros peixes como ollo-mol, anguía, sardiña, atún, anchoa e outros. Unha florecente industria relacionada coa pesca chegou a desenvolverse no lugar. No século XIX, momento do seu esplendor, Elantxobe chegou a ter ata sete fábricas de escabeche. No século XX, con altibaixos en canto ao número, existiron fábricas de conservas, escabeche e salgadura.

Desde o cume do Ogoño ofrécense vistas sobre Elantxobe, e a ría de Mundaka rodeada de aciñeiras. Contémplase a beleza convincente e serea desta ría englobada no val de Urdaibai, declarada en 1984 reserva da biosfera por parte da UNESCO, coa maxestosa harmonía de canles e brazos e dunas da praia de Laga aberta ao Cantábrico. Fronte ao esteiro,

a illa de Ízaro. Un illote solitario poboado de lendas. Un anaco de terra disputado por dúas vilas, Mundaka e Bermeo, que en 1719 xogárono nunha regata; de árbitro, o pobo de Elantxobe. Desde aquela os de Mundaka, os perdedores, nomean aos de Elantxobe como *macués*, “mal xuíz” en biscaíño.


Desde o alto do Ogoño ou desde calquera dos altos que rodean Elantxobe e nos seráns de primavera cando a cor vermella do ceo se cingue á escuridade misteriosa do mar, María Mariño contemplaría esa luz incomparable e intentaría comprendela. Logo, na ausencia dese mar, instalada na rotundidade xeolóxica do Courel, os sabores do Cantábrico amparados na memoria, encherían de salitre aquelas novas paisaxes montesías.



ELANTXOBE DESDE O AIRE. UN DIMINUTO PEIRAO NO CANTÁBRICO AO PÉ DO CABO OGOÑO



DESDE O PORTO, AS VIVENDAS RUBEN POLAS ESCARPADAS PAREDES DA MONTAÑA



Antón Riveiro Coello

María Mariño, O Courel e a dor na paisaxe

*Courel de tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...*
Uxío Novoneyra

Non creo que haxa nada máis doloroso para unha nai que a perda dun fillo. Se a iso se lle engade a perda dun irmán e mais da propia nai en apenas dúas semanas, non quero nin podo imaxinar a fenda terrible que se debe de producir na alma dunha persoa. Con esa dor, envolta nunha paisaxe abraiante non só no seu aspecto visual senón tamén no illamento que supón vivir nun lugar afastado das grandes vilas e cidades galegas, miro de imaxinar a María e véxoa unha mañá á par da fiestra, cosendo un vestido, esmagada pola galbana do outono, escoitando esa voz unánime dos nenos que repasan a táboa de multiplicar e que sobe coma unha maldición até os seus ouvidos para lle arrincar unha bágoa. Xa pasou un ano, pero a perda da nai segue viva. A lembranza obrígaa a pousar a agulla e, como un paxaro desnortado, arrebola a ollada á paisaxe vizosa. Mais neste intre desconsolado, María non ve a serra dos tesos cumes, senón que forza nos ollos unha

imaxe de horizontes mariños. Nesta soidade ulcerosa o mar é moito máis que unha lembranza; é unha necesidade, é ese *lonxe triste* que pesa sobre ela como unha lousa.

María fecha os ollos e volve a Noia, ás ribeiras do seu mar enxoito, ao pazo de Goiáns de Boiro ou á vila mariñeira de Elantxobe, e aspira fondo para sentir na pel ese desexo salitroso. Se cadra vexa pombas sobre as tres pontes e escoite o repenicar rosaliano das campás de San Martiño. Se cadra neste soño nutricio o *onte* mude nun *hoxe* crepuscular, señardoso. Se cadra só teza e teza un tear de soños porque soñar é o único xeito de negar as altas paredes desta





NA ALDEA DE PARADA DO COUREL VIUO MARÍA MARIÑO OS DERRADEIROS ANOS DA SÚA VIDA.

voz-deserto que deixa en carne viva toda a dor. Con todo, María, que esperta axiña e se abandona ao vento para escoitar o murmurio dun soto, déixase afalar polo Courel nunha dialéctica metafísica. A súa sensibilidade permítlelle apalpar a lentura do eterno mentres a tarde lle abre o camiño dunha natureza que conversa con ela cunha fondura filosófica: a voz tesa da serra acariña as uceiras e esperta a auga das fontelas que escorrega libre polos penedos, auga-voz que cronometra o paso das palabras anónimas que bolboretan nas levadas somnámbulas. Se cadra a natureza estea a soñar a súa propia soidade. O certo é que María apaña castañas mozas e interpreta as follas secas sen saber aínda que neste xesto nace un vínculo táctil que a amarrará de xeito definitivo á terra. A soidade do Courel é agora unha nova pel na que está tatuada unha dor que xa forma parte do seu ser. María mide o tempo no espello dun regato, cifra na sombra dun carballo a historia fuxidía do home, ve o paraíso certo nesa

pastora que pace o silencio dun namoro furtivo e lle deixa no encerado da memoria o rastro-futuro dun poema. María asume a paisaxe e tensa a imaxinación con violencia até que a noite a envolve e a soidade vira ruidosa cos lobos saíndo dos cousos e facendo resoar o seu ouveo nos cavorcos das valgadas coma un laio de carpideira. Daquela María pecha os ollos e sente o percorrido do tempo dentro dela, coma unha fervenza que a abandona no cantil dun abismo, e, de súpeto, bate no seu rostro o alento frío da neve. É inverno, un soño de folerpas borra o outono. Cando esperta, a primavera xa se baña na lagoa de Lucenza e deixa caer a súa indumentaria nova dende alto de Formigueiros e Pía Paxaro até a devesa da Rogueira. Aquí María *lese* toda por dentro e procura o misterio no camiño das estacións, mentres o cuco lle dita a confidencia dun verso que fica escrito no verde dos pradoiros e lle anuncia a delicia veloz dun instante. Pouco a pouco, cun vagar xeolóxico, a paisaxe vai intervindo en María, que entende o tempo, a dor e o silencio como formas de coñecemento. E esta *fiandeiriña delgada, sempre metida a fiar, sempre a fiar e soñar, para logo non ser nada*, séntese materia da terra, verba súa!, e imaxina un *orballo de rosas* cubríndoa a ela, palabra secreta, voz migada dunha paisaxe que agora é parte de si, flor de braña, *néboa que anda soia*, espello luminoso e íntimo no que se reflicte a soidade, a angustia e a dor.



DEVESE DE ROGUEIRA, FONTE DE INSPIRACIÓN DALGÚNS POEMAS ESCRITOS POR MARÍA MARIÑO DURANTE A SÚA ESTADÍA NO COUREL.



Dez poemas para María A Fiscala



HIMNO DELA (*qasîda*)

Pedra e pedra e pedra sobre de si fixeron dela palabra.

A que ten medo, profunda alenta e tranquila fala.

Calou a voz dos boscos todos, colleu dentro da boca a valga
e aí vén con todo o do mar facéndose búsola que arrandea errática.

A voz dos tocóns a arrolan, as córneas das árbores a alampán,
as madeiras das naos antigas tinxen as súas mans de nena fantasma,
porque maría, que ven de lonxe, atravesada de poemas é muller estraña:
é nena que non acouga, é poeta que non fala, é besta das montañas e triste animala
atlántica.

Ten pedras dentro da boca e un lonxe triste que a agarda
detido na cuncha vil do silencio, co sangue cheo de arañas.

Camiña sobre poemas e fura os pés de palabras,
rabuña, atravesa, trona, disloca, abre e derrama
pola tinta todo incontido silencio da súa entraña.

Ten as tripas de papel e a alma desnortada,
a lingua petroglifa, danzante, alerta e clara
apostada nun recanto da soidade reclamada,
vixía, poeta, e fire, este escuro que nos engana.

Pedra e pedra e pedra sobre de si fixeron dela palabra.

A verba que nela comeza debuxa a muller que nunca acaba.

Emma Pedreira

MARIA MARIÑO

Unha gamela, un con de ollos afeitos
ao martelar da mar, unha sedela
batente, un norte, un ar, unha gavela
de sombras e un ceibel: nomes dos eitos
da lúa, *do lume longo que vai*
e traspasa *atecelando lizgairas*
linguas en *cenefas de verbas cairas*
falando nos ronseis da auganai;
do sol beirado que respira as rúas
e onda o seu cabelo na almofia
do atardecer, na pálpebra máis núa
do tempo, trala luz afastadía
dunha folla que cae, nesa pinguada
en bramor con gadoupas de poesía.

Unha gamela unha bourela inerme.
Vello petón que aluma escurantía.

Antonio Piñeiro

VOZ NO INVERNO

En que fenda está a voz que nos separa
ou onde agroma a raíz do desacougo?
Procureite na friaxe, nunha noite
en que os espellos nos estremeceron.

Recollo a negra xeadada que te cobre
como manto de cinza; como un mirto
que se enreda no armiño da túa tumba
xerminal, silenciosa, íntima e branca.

E remexo no lume da túa verba
que acena dende o fondo dos faiados
chamándonos, acaso sen palabras

como unha chama que estiñou o tempo.

A deseiva de ser despois da morte
ou o degoiro gris de non ser nada.

Beatriz Quintela

A neve chega mesmo até os xeonllos. Elas soben a costa.

Imaxinade, agora, que o camiño se abre.
Imaxinade mesmo que hai camiño,
que o bico da montaña esquece o vento
e mira para o chan.

A vida non separa o amor dos feitos.

Un día volverán ao seu país
que non ten escaleiras
nin caza nin buratos.

Atrás quedou o valo e a semente
a lámpada que ardeu
até queimar a louza.

Atrás quedan os ollos que non falan
e a boca que se pecha
e a man que non se dá.

Atrás quedan os homes e as mulleres.

Cada gota de chuvia, unha fronteira.
Nunca máis himno ou casa nobiliaria.
Elas non teñen frío. Aprenden a escribir.

María do Cebreiro

A MARÍA MARIÑO NO SEU CENTENARIO

Cicais nacer en Noia en primavera
no tempo das arañas tecedoras
entre as ás das brincadoiras bolboretas
tinguidas de betume acharonado,
limitada por coiros e subelas,
abrira en ti un prodixio inesperado.

O sangue derramado polo pobo
que vistes debuxar na costa abaixo
que todo leva o mar, María Mariño,
acaso labourou unha vainica
de versos hilvanados coas agullas
dos anxos que protexen ós poetas.

Quen sabe... ese sorriso embelecido
que ata Euskadi achegaches viaxeiro,
talvez era un aceno, unha fervenza
de augas e diamantes incontida,
despenada das ameas de Goiáns
que gardaban en papel a túa vida.

Alí coma Don Quixote toleaches
alimentándote de verbas muiñeiras,
rodicio que moeu o teu grá novo
ata ateigar o silo maquillado
e encher as tolvas de pan enamorado,
de pólvora, de arroz e garavanzos.

María, antre as agullas e os versos,
véuseche un río ao ventre, e antre os dedos,
secouse deseguido, silandeiro.
Trinta e catro versos velenentos.
Trinte e catro outonos traizoeiros,
soterrados baixo a lus do cemiterio.

De aquel sono aromado de wolframio
espértouche o Courel na primavera.
e os deuses enviaron un poeta
para guiar a fría man incerta
que ía trazar os versos castiñeiros,
palillados na confesión extrema

Alí deixaches prendidas dos arumes
as palabras no tempo inacabado
mandrágora á vez maldita e pura.
E sin ti saber no ventre dos teus versos
xestaba unha placenta calorosa
un francotirador da fermosura.

Maxi Olariaga

INTER VIVOS, IN PERPETUUM

(POEMA DO AMOR IMPOSSÍVEL)

A Maria Marinho Carou, In Memoriam

“Allá, allá lejos, donde habite el olvido”

Luis Cernuda

*“L’oubli c’est une seconde morte
que les grandes âmes
craignent plus que la première”*

Stanislas De Boufflers

*“I feel assured there is no such think
as ultimate forgetting”*

Thomas De Quincey

*“Días e días tecin na tea do meu tear.
Hoxe a tea toda feita del n’a podo sacar”*

Maria Marinho Carou

**Ficas ausente, muito longe dos ousados vagidos destes versos,
e estou a columbrar eu, desde a idossa Carreirinha noiessa,
que nom me podes escoitar, Maria ...**

... (ou quiçá sim?) ...

... mas lobrigaches, creio saber, ...

*(além do costureiro tecer e destecer da tua senlheira mocidade,
enlevada nas fronteiriças corredoiras desta beiramar,
e ainda mais aló, no criminal inferno
engendrado nas cloacas daquela tridentina e sórdida subversom,
urdida polos renegados gerais sediciosos,
sublocada às levantadiças tribos dos seus abomináveis e fálicos sequaces,
sacrílegos estoupidos do terror nas entranhas da minha mátria basca,
e também acó, nos montanhescos refojos da nossa naçom nativa,
terra celta adentro, onde as auras crepusculares jamais fórom salgadas)*

... que o definitivo passamento dos ourives da Palavra

*(recordas, Maria? ... houve um recôndito, infinito anseio,
no que ti sementavas inefáveis estrofes ...),*

verificará-se quando nada deles,

absolutamente nada,

poderá ser invocado nos sombriços territórios

que arrumarám para sempre o compassado transitar

das suas telúricas pegadas.

No entanto, eles, e ti com eles, Maria,
todos vós, os extraditados no esclarecido Parnaso da Fistera,
orgulhosamente dissonantes nos monocordes pentagramas
das rotinárias cerimônias institucionais,
para sempre órfãos do oceânico estro dos Eoas,
amargamente chorados pelas Nove Deusas,
teimades por morar inter vivos
(necessito escrevê-lo, Maria!),
transfigurados nas decadentes refrações das minhas ânsias quotidianas ...
... e assim ...,
nesse perpétuo devalar em cada ocaso,
semelhades miragens viventes:
translúcidas sombras,
silhuetas esquivosas,
obstinadas levitações,
multiformes palimpsestos angustiosamente recomeçados.

Tanto mais se prolonga a vossa afanada resistência
frente à espreitante e vergonhenta desmemória
desta incessante Galiza alheia,
quanto mais os Poetas difuntos *(incombustíveis labaredas,*
emergentes faíscas espalhadas na rosa dos ventos,
lóstregos premonitórios do sol-pôr inelutável),
por mim sodes escolheitos e agarimados como próprios.

E, nom obstante, Maria, quê inútil quimera a minha! ...
... nom consinto em acreditar nessa viagem irreverssível,
mesmo sabendo este poema outonal
(eu já quase nada sei, Maria ...),
chamusca serôdia, mas incandescente,
que nunca jamais retornariam com vós
(nem tam sequer contigo, Maria ...)
aquelas lembranças esbanjadas no meu prosaico sobreviver,
miríficos e imerecidos instantes, muito fugaces, quase inapreensíveis,
a caróm do morno mas intenso lume dos teus versos,
essas soidades imarcessíveis de outro tempo,
perene froito de inquedanças jamais balbuciadas
(quê sabemos nós do teu drama, Maria?),
sangue íntimo do desacougo,
outrora fervente no latejo carmesim do teu sorriso,
hoje irremissivelmente coalhado na feminina urdume
de esmiuçados e inéditos pergaminhos,
pétalas vermelhas dos teus atribulados silêncios
(quem somos nós para falarmos no teu nome, Maria?),
sussurros frangidiços, ecos indecifráveis,
longínquos mas recurrentes,
espargidos em pungidas rimas jamais escritas.

... Maria, isso era e ainda segue a ser a Vida:
a teimosia de umha incorrupta ferida sempre aberta e anovada
pola inevitável nostalgia do tempo ido
no perimido tear das nossas irrecuperáveis ausências,
pola radical impossibilidade de tam só vislumbrar ...
... o Soneto Definitivo.

... Maria, isso era, e segue a ser, o que sempre fica
no peremptório aceno da Morte perdurável:
o azarado mas inexorável unguento
que nos redimirá in perpetuum
(*necessito acreditar-lo, Maria!*),
no consentido engado de umha equívoca esperança;
a de sermos arrincados do olvido,
muito mais aló de infinitos poentes ...
... (...) ...
... um Amor impossível, viçosa Maria
... Maria da esquecida e fraticida Noela
... Maria da Biskaia atrozmente devassada ...
... Maria dos abruptos arcanos do Courel ...
... Maria Marinho Carou ...
... estás-me a escoitar, Maria? ...
... *In memoriam tuam* ...
... Maria ... (...) ...

Xabier A. Olariaga

DE AMOR E MORTE A MARÍA MARIÑO

Mareiro vento no arume dos pinos
Andabas cego pola luz do albor,
Rebezo a procurar o son dos sinos,
Ígneo rebento no uzal da dor.

Auga acendida nos ollos divinos
Mais, súpeto, o sol vírase en negror.
A morte muda deletrea os signos,
Ribeira rota no leito do amor.

Invernía no mundo dos furados,
Ñopa mirada medra en derredor,
O peito un mar de verbos vulnerados.

Na arañeira o teu soño interior,
O veleiro a delirar nos valados,
Indicios de aves ceibes no solpor.

Aquel día farto de teu, aquel día
.....

Eva Veiga

METÁBASE SENTIMENTAL PARA MARÍA MARIÑO CAROU

*Sinto que me acaban.
Sinto que me dan forza.
Son o humor da nada.
Son o que se lle antoxa.
M. M. C.*

1

Deixouse caer co ventre ao sol na ribeira e pensou espesa
nós somos o estrago do tempo
son estas rosas
a idade máis escura
aboiaba nela un porto como un silencio
águas voltas nebras toldas e a primavera caendo
o corpo enfermo ósos-cinsa e onde
ela estaba deitada aniña todos os anos
unha garza
nova que habita onde
vivo (así debeu alberto caeiro ver partir os ríos)
eu non sei se era ela ou era eu ou os dous ou tantos
como en nós temos –na escuridade do sono, etc.–

2

garza branca garza cinsenta
contigo converxe para así lonxear
a noite-almofada que utilizas
de alfineteiro ou non es ti quen trae a noite
estrelada que contigo conversa e fala
dinamita no ceo
da boca cada verba de longo
comenza un mar vello a tentarme a dicir
cantas veces chorei o teu nome María
soliña na fera
paz dos teus adentros latexa un sono axeado
maría mariño estela
maris en cumes nevados de toxo e chorima
canta ebrio o courel deste barco ao compás
das campás que te forxaron para ser
a chuvia que repenica na túa campa
escampa.

Ramón Blanco

Perfilando a verba túa nesta verde hora nosa
—nin ninfa nin altazor—
léome toda por dentro ollos a tentas.

Eu non sei.
Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.
Non sei se é que me chega ou son eu que vou por ela..
É tan difícil.
¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?

A soas non abrasa.
Recodo de carqueixa pero a soas non abrasa.
Anúnciase o remol, e todo daría deste mundo por ese resto de esperanza.

Eu non sei.
Non sei se son eu que vou tras dela.
Non o sei.
Tal vez pedía de máis ou rompimos as palabras.
Calquera cousa, todo daría deste mundo si o que teño ha de chegar que non me abraza.

É delicado.

Por iso, ¿quen manda nesta verde hora de hoxe?
¿quen manda, quén, quén, que non a atende?
quen vai e di anque cala e non cingue xeito novo
—nin ninfa nin altazor—
recodo de carqueixa en que borrarte.

Eu fun a suma total daquel que foi medindo
a pegada que calo pero que en por min nomeo.
Abrín a gorxa prohibida ou desmerezo este sangue.
¿Por qué debo dividirme se nacín multiplicada?
Son o que se lle antoxa cando me leo por dentro.
Son o mesmo humor da nada perfilando a verde hora.
En min non vén nada dentro por moito que a berros clame.
E sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan forza.



Eu non sei.
Anúnciase o remol e en min non vén nada dentro.
¿Ouh para que me trouxeches si é que me levas agora?
Abrín a gorxa prohibida ou pedía demasiado.
Mais sinto cómo me acaban, sinto cómo me dan forza.

Yolanda Castaño

E SEMPRE ESA PALABRA NO TEMPO

Porque devasta,
porque pon medo no iris dos paxaros cantando mañás de mirasol e verbena...
porque detestamos que nos arrastre
e agochamos o que somos detrás das portas...
Para que non nos pille,
para diluír a esencia e desenrugar a pel,
para instalar os presentes nun inmobile
pechado oculto...
Malia que flúa indefinidamente,
malia que teña todas as forzas dun bastión
contra nós, contra a terra que pisamos,
contra as tormentas que nacen
da absoluta fatiga...
E que non se detén,
e que nos leva todo o alento,
e que nos mata e nos deixa
nos suburbios da incerteza,
no desacougo na decepción.
Ficamos oblicuos,
torcidos polas estacións e a xeadas
buscando o salto máis difícil,
a soberanía da conciencia
e apretar os invernos con palabras,
palabras suspendidas no tempo,
e descansar...

Rosa Enríquez



Palabras no tempo.
Verbas de homenaxe.



Chega a hora que marcou o tempo



Xavier Castro Rodríguez

De igual maneira que sucede na inmensa maioría das disciplinas artísticas, o universo da literatura tampouco acostumou ser xeneroso nin xusto co recoñecemento do labor feminino. É certo que, cuantitativamente, o número de mulleres que dedicaron o seu labor cara aos diferentes eidos do estudo e da creación, foi historicamente menor e, a causa principal hai que procurala no ben coñecido desequilibrio secular promovido pola forte e exclusiva presenza masculina en todos os eidos do saber, do pensar e do crear. Só algunhas creadoras, excepcionalmente, conseguiron sobrepasar eses límites impositivos e eses incomprensibles atrancos. Tamén así aconteceu nas letras galegas. Realmente e máis aló de Rosalía, cantos nomes –dos denominados clásicos ou cun certo percorrido histórico e literario– poderíamos presentar nun exercicio de memoria? Quizais algún día non lonxano alguén lembre, reivindique e recupere a Filomena Dato Muruais ou Herminia Fariña e Cobián máis alá de pequenas e simbólicas homenaxes que vilas ou concellos lle teñen tributado. Como sexa, algo vai mudando e, dende a realidade de hoxe e con perspectiva de futuro, moitos serán os nomes que se irán sumando nunha importante nómina de escritoras de forte presenza literaria e importante proxección dentro e fóra de Galiza.

Cinguíndonos ao caso específico da

efeméride das Letras Galegas, tan só tres mulleres acadaron o recoñecemento outorgado pola centenaria Real Academia Galega, de contar cun ano literario de todos os transcorridos dende a orixe da celebración hai agora corenta e catro anos: Rosalía de Castro (no 1963, inaugurando as Letras Galegas e coincidindo co centenario da publicación de *Cantares Gallegos*), Francisca Herrera Garrido (elixida no ano 1945 membro numerario da RAG ocupando o lugar do noiés Lisardo Rodríguez Barreiro, dedicáronselle as Letras Galegas no ano 1987) e agora, neste 2007, María Mariño Carou coincidindo co centenario do seu nacemento. Tres poetas moi diferentes, de etapas literarias moi significativas mais que gardan esencia literarias moi próximas: o canto da soidade, o enxalzamento da terra e as súas xentes, unha marcada liña temática na procura das grandes cuestións do binomio vida/morte, o ámbito familiar e íntimo, un constante interese por recoñecerse parte da natureza...

Con toda seguridade as condicións sociais, económicas e culturais polas que pasou a autora ao longo de boa parte da súa vida, fixeron de María Mariño unha escritora con poucas lecturas literarias na súa bagaxe persoal, circunstancia que, certamente, fixo máis orixinal (é dicir menos exposta ás *contaminacións* e con escasas influencias externas) a súa singular obra de creación poética. Tense considerado por parte da crítica especializada que as voces de Rosalía de Castro e Uxío Novoneyra (o poeta dedicoulle *Os eidos 2* aos seus pais e á poeta “pra sempre no Courel”) supuxeron para a poeta noíesa non un calco lírico mais si unhas presenzas ou camiños literarios a seguir. Nesas dúas voces, como mínimo, enxergou perfís que lle resultaron familiares, próximos, coñecidos e semellantes e que lle serviron como imaxe e espello da obra que tanto desexaba crear. Acariñou as palabras poéticas e soubo ser permeable á verba lírica da autora de *Cantares Gallegos* e do autor d’*Os eidos*, poetas cos que compartiría unha increíble identificación coa matria:

“Terra –verba muda– ”; “¡Terra, verba miña!”. Non cabe dúbida: a escritora noíesa que fixo da palabra e a verba os seus elementos de referencia, converteunas en algo vivo, versátil e con capacidade de creación e transformación... características que tamén son propias e identificadoras do universo da natureza e das paisaxes (re)coñecidas, espazos que como as palabras dela tamén se retorcen, modulan, estouran e rebentan en formas rechamantes (a “ruptura interior do idioma” como definiría Xosé Luís Méndez Ferrín), xogos sintácticos e léxicos case imposibles; “maio-mundo-longo”, “voz-cantar”, “luz-día”, “deixa xa de lonxear”... Ao igual que a natureza crea, tamén a poeta foi quen de facelo imitándoa e como se dun movemento máis complicado se tratase ofrécelle ao lector a ruptura contundente da liña poética, a distorsión da verba que comeza, ou co violento e sempre abraiante troco sintáctico. Apelar, captar a atención do lector-espectador que no proceso da lectura, vai recreando os lugares máis xerais (a noite, o mar, o cruceiro, as casas), os máis interiores (Noia, A Marola, O Courel...), e os sentimentos (onde a figura materna ten unha evidente transcendencia e lugar nuclear) que nacen dun íntimo, honesto e sincero eu lírico no que se enxerga o reverbero da imaxe clásica do *Ubi sunt*?:

“¿Onde queda o meu camiño?
Meu camiño aquil de sol enteiro,
de auga de chuvia,
de vento e loita.
¿Onde queda?
Derruboume e no sei del.”

A poeta pregunta, indaga, albisca e, con frecuencia admírase diante do espectáculo de fertilidade, movemento e cambio que ofrece a terra, (“¡Ouh terra como te vas descubrindo! / Como vas facendo das túas! / ¡Como levas e traes!”), o mar, o río, a árbore, o camiño.... que son, en esencia, símbolo, tópico e metáfora da realidade de vida e morte do ser humano. Entón, María Mariño mesmo chega a identificarse co factor cósmico, como consecuencia dunha revelación, deica facerse cómplice e transformarse en parte do devir da natureza en evolución: “Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeadá. / Son alba daquel vivir, / hoxe noite daquel sentir”. É que, como diría Novoneyra, as cousas teñen un “movimento seu acostumbrado e natural” e a autora de *Palabra no tempo* identificada con ese proceso de avance das cousas implícase no devir presente e constante dos seres, un proceso que, indefectiblemente, vains acompañando cara á morte.

Mais, para acadar ese estado, ese vencello terreal, a escritora debe andar un camiño que comeza cun proceso



iniciático que tamén é, naturalmente, de progresiva evolución. Por iso, empeza por falar de si mesma como proba de abeiramento-identificación co lector e como mostra de valentía, situando no poemario *Palabra no tempo* unha primeira composición que (como naquel poema de Celso Emilio Ferreiro –‘Olláime ben’– incluído en *O soño sulagado* que comezaba: “Olláime ben, eu son un arbore triste / feito de escura terra”) dende o ton confesional expresa toda a franqueza sobre o tempo pretérito e a confianza diante do sentimento arrebatado do seu espírito:

“¡Son aquela!
Son aquela sempre soía
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba”.

María Mariño vai, xa que logo, do persoal ao colectivo, do singular ao humano... a poeta olla as cousas da vida cotiá e do periplo espiritual aprendido e aprehendido e, imbricada na natureza da que asume formar parte, ofrécenos as dúbidas e as preguntas, –a ollada sobre a ontoloxía, a reflexión metafísica–, que espreitan ao ser humano, sen que a autora esqueza deixar, conscientemente, unha fírgoa para a entrada do alento que representa a saudade. Entre esas circunstancias vitais, salienta a presenza (presente por presentida) da



morte, cun inusitado tratamento amical moi próximo ao sentimento que deita Rosalía no poema da ‘negra sombra’, e que nos versos da noiesa se expresa así: “Amiga que eres de todos / e por ningún esquecida”), e tamén agroman algunhas respostas que, con frecuencia dende a fe dunha relixiosidade popular, cómpre ofrecer, para o que María Mariño abeira un sentimento reflexivo (“¿Onde queda o meu camiño?”), de constante dúbida e arelando coñecer: “Señor: / ¿qué farrapo son de ti?”.

Para ela todo se vai descubrindo, iniciando, dende a soidade-saudade que rodea e abrangue tanto á poeta como ás cousas e circunsancias que se trazan e debuxan diante dela. Na pescuda de respostas, a escritora asume dous símbolos, metáfora clásica e imaxe tópica do ser humano que son: o ‘camiño’ e o ‘mar’, trasuntos da terra e a ribeira, quen sabe se dun reflexo evidente do Courel e Noia respectivamente. O primeiro, indisociable da súa propia orixe (“Rodeada dun camiño dinde nena fun medrando”) e o segundo, percibido por veces como lembranza leda e pulo pasional: “¡Días de Maio, mañanciñas, coores dunha tarde de mar! / En min batén aires de ontes e camiños sin andar”.

A obra poética galega de María Mariño ofrécese núa, ateigada dun sen-

timento tan honesto como diáfano, inzada dos froitos tantas veces agres e amargos da distancia, a dor, o desencanto anímico e a morte ao axexo. Todo é, nesas intensas liñas poéticas, peripecia vital, reflexión íntima compartida, enxalzamento da terra, a música e a soidade. Nos seus poemas atoparemos o ton reflexivo, o comentario breve –por momentos case sentenzas– e unha ollada nidia arredor da natureza o mundo máis próximo, o universo e a auréola do tempo.

“Chegou a hora que marcou o tempo”, escribiu a poeta. Certamente, no seu centenario, chega o recoñecemento público, a memoria e o rescate de María Mariño Carou. A data simbólica é o 17 de maio e, quizais por iso, como un presentimento ela creou aquel ‘maio-mundo-longo’ que agora xa non soa a premonición e si a realidade...

Na Casa da Fonte, en Parada do Courel, moran para sempre María Mariño, Manuel María e Uxío Novoneyra.

E a vila de Noia, –histórico berce de sobranceiros representantes da cultura e proverbial espazo de acollida de creadores da palabra, artistas do lenzo, escultores internacionais, artistas do gravado paciente, fotógrafos da realidade impresionada...–, conta orgullosa ter acadado en catro anos de diferenza con dous representantes na celebración das Letras que promove a Real Academia Galega: Antón Avilés de Taramancos (2003) e agora María Mariño Carou, a poeta que na lonxanía (e na voz-deserto da noite) das terras courelás, sempre rememorou a súa vila (que agora xa non debe olvidala) porque a escritora nunca puido esquecer que:

“O teu fogar téño en ti:
no teu vivir e nas tres pontes”.



Paulino Vázquez Vázquez

O idioma de María Mariño

No mesmo ano da publicación do primeiro libro de m.mariño (1963), a.cunqueiro escribía en Grial un asombroso texto arredor do feito poético. Dicía así:

o absurdo e o impensable non son en si poéticos, pro sen dúbida que o senso e o tema dun poema son dunha natureza ben diferente dos dun discurso(...) O exercicio propiamente humano é sair á luz do sol, e xa na coda da terra intentar repetir o voo estupendo do falcón.

Por desgraza para a poesía galega daquelaquela tempo estas palabras caíron mormente no esquezo –abouxaban outros rúidos amparados precisamente por un discurso, un diktat no que as olladas se ensumían no chao, compracidas no ras-de-terra.

m.mariño semella que escoitou ben a cunqueiro. Ou preferimos pensar que os grandes autores coinciden en sinalar o cerne xerminal das cousas, do mesmo xeito que os maus o fan indicando a obviedade dos temas resesos.

Queremos dicir que na década dos sesenta, na época de Galaxia, en Galiza agroman dous idiomas poéticos: un de baixo alcance e outro de altos voos. A escisión acaso perdura aínda nos nosos días. Nun deles a fala (popular, e ás veces proletaria) é a fin: o autor está ao servizo do léxico. Noutro, o idioma é erguido ao mesmo tempo que se ergue o poeta. m.mariño pertence a esta caste de escrita. E, dentro dos entregues á lealdade poética, o seu é un reino fascinantemente aparte.

A poesía de m.mariño non asume influencias, por máis que se insistira na pegada nela de rosalia ou uxío novoneyra. Non, ao menos nas nosas letras, acaso noutras rexións ben afastadas si poderíamos falar de semellanzas, e non con respecto a resultados, senón en relación a posicións ante o poético.

O poema de m.mariño parte da experiencia abisal. Non hai marco retórico no que exercitar un xogo de posi-

bilidades que poidan levar a unha consecución dos chamados **logros**. Os textos de m.mariño non son textos **logrados**, senón estremecedores. De aí a asneira dalgún crítico que se puxo a contarlle as silabas aos presuntos sonetos para constatar que lles fallaba a medida, abofé, porque a autora o que quería era rompela, e falar doutra medida que non estivese mediada pola previsión e o enunciado. O enunciado só pode ser verdadeiro ou falso. O poema medido só pode resultar (como unha suma) ou non. O problema vén dado cando a medida é a falta de medida, cando o fundamento é a falta de fundamentos, cando o abismo (o sen-fondo) aparece. Entón, no desvelar que a terra se abre aos nosos pés, que a verba apenas dá termado do mundo, que o ser se esgaza, que non estamos na casa, entón, qué endecasilabo buscar torpemente, como se escribir fose encher papel pautado? Cada palabra de m.mariño, cada verso, cada poema, está pensado para acenar ao sobrecolledor, para acoller o terrible, para termar dun desgarrado radical. En cada texto alenta o sentido de perda, a asunción dunha lonxanía que vai agromando como se fose raíz, a inminencia dunha revelación ateigada de dor e de beleza. Nese perderse fundacional, no abrirse ao desamparo, no esgazarse a identidade, nace a conciencia traxica do tempo. E notemos que aquilo que semella sustentarnos nunha orde (*hoxe, futuro, pasado, agora*) é o que nos permite vivir tranquila-



INSPIRADORA PAISAXE DAS TERRAS DO
COUREL

mente na quietude do enunciado, por algo remarcaba Steiner que o home sobrevivía mercede aos tempos de subxuntivo.

Agora ben, o tempo pode rachar, ou mellor, a conciencia trágica do tempo pode non cortar, entón aparece a fenda da infinitude, a caída sen final. O fascinante voo do falcón faise en m.mariño descenso aos infernos, ou ascenso ao abismo. No infinito non hai arriba e abaixo. O ser, necesariamente, disgrégase. Se en a.cunqueiro ese espanto é remediado coa esperanza, se na literatura existencialista a moral pexa o voo, en m.mariño iso que fende e esgaza faise propio. Rosalía díxoo tempo atrás:

En todo estás e ti es todo
para min e en min mesma moras

m.mariño recolle esa ascensión (ou caída, tanto ten) :

Aquí che deixo, meu peito canso,
aquí
che deixo
aquí che deixo neste branco
papel trillado, neste
percurso de horas.



UXÍO NOVONEYRA E A SÚA IRMÁ ELISA RETRATADOS NO COUREL

Precisamente *horas* é o que non hai. O que hai é o tempo todo ou o tempo ningún, a ausencia de límites, a cegueira do absoluto. Precisamente *tempo* mensurable é o que se busca con temor e tremor ao longo dos libros, en especial *Verba que comenza*. Nos versos que citamos sentimos a falta de marxes, a falta (ou o exceso?) de respiración, a imposibilidade de descanso, o bater incesante da conciencia. E, en especial, ese brillo cegador dunha sintaxe cortante e ao mesmo tempo continua. Como se unha ollada aos mortos que perdemos no abismo do tempo fose posible pulsando, como Orfeu, a corda estremecida dunha lira que sabe de antemán que ten que romper estremecidamente.

O idioma de m.mariño é o exilio. Nel habita o poema como ruptura interna, como única evocación posible de que xa non hai lugar en que termar, como raíz que é falta de enraizamento, de terra en que se pisa: o desgarró, o tronzarse do ser, o nada. Ese luminoso brillo amoroso foi o don que que nos deixou, mentres a súa vida estiñaba escoitando o lento rumor da caída das follas outonais nun recanto escuro desta terra.



Agustín Agra

Á sombra dos castiñeiros

Ador. Foi a dor, María, o vínculo máis forte que sen dúbida se mantivo entre nós até o final, até a túa morte. E despois tamén, aínda moito despois.

Mesmo o foi dende o principio, dende que o lategazo do lóstrego me alcanzou cando che vin por vez primeira nunha rúa de Escarabote. Si, foi de dor o meu primeiro sentimento ao coñecerte. Non podería dicir se por mor do teu xeito de vestir ou de comportarte, se pola túa beleza ou pola túa prestancia, o teu porte ou quizais aquela túa elegancia. Dor, iso é. E tamén paixón, non vou negalo. Súpeta paixón, é certo. Mais quíxente por ti, polo que eu vía máis alá da túa fasquía, pola túa forma de ollar e o misterio dos teus silencios. Si, os teus silencios e o misterio todo que te arrodeaba. Non tiña eu moito mundo ao coñecerte. Vinte e catro anos e unha guerra, iso é todo. Mais tampouco vira nese tempo muller ningunha coma ti. Non me importou que foras a única na vila que maquillaba os ollos e máis a cara, tampouco que me levaras oito anos nin o que puidesen dicir ou pensar de todo iso. Rexeitei sempre os celos do meu ánimo aínda que os homes te mirasen acotío con aqueles ollos... Rexeiteinos si, ou alomenos intenteino, intenteino canto puiden.

Unha brincadeira, non outra cousa, foi para min a falsidade da túa idade na nosa acta de matrimonio. Que máis me tiña que fosen vinte e seis como dixeches ou trinta e

dous, os que realmente tiñas. Eu quería-
che, quería facerte feliz, que importancia tiñan esas cousas se con iso lograba compracerte. Como tampouco me importou, como ía facelo?, que casáramos froito dun teu arrebatado sen que a ninguén, nin á familia nin aos amigos, dixeramos ren. O único que a min interesaba era aquel enlace, e saciar as urxencias daquel afogo, aquela sede que me acoraba. Mais a dor xa daquela estaba contigo, non sei se dende aqueles medos que colleras en Algorta, os que trouxeras do Sollube nos adentros. Leváchelos canda nós a Arzúa e a Elantxobe, e despois pasou o que pasou, de nada serviu que fose Don Teo quen che atendese en San Finx, no parto daquela tardía gravidez dos trinta e nove. E quen estivo contigo senón eu, resistindo a dolor que me fendía, cando perdemos o neno, o noso meniño? Non volvíches ser a mesma. Cando marchamos ao Courel a túa ollada estaba xa perdida. E despois a túa nai. Cinco meses separou a súa morte en Romeor á do noso neno, o pequeno Roberto. Unha outra sombra negra ao teu carón. Nunca o superaches, ben o sei. Foron aquelas perdas o alicerce do pesar dos teus versos, si, e máis da amargura que xa nunca che abandonou e coa cal eu tiven que convivir un día tras outro. Cos teus tremores, aqueles teus nervios, crise crónica que ficou contigo, con nós, xa sempre.

Foi a ti, a quen Don Xosé tratou de depresión, mais tamén a min podería ter atendido. Ou é que eu non sufría alá,





naquel inferno, aquel territorio que ata o lobo e as alimarias todas rexeitaban. O peor non foi sobrevivir baixo a desolación daqueles cumios á dureza das invernías. Vinte anos afastados do mundo, nas esquecidas paraxes daquel exilio, sopor-tando a crueldade do frío que facía presa nas nosas carnes e nos nosos corazóns. Aquel lugar afastado do mundo, non sei se ermo ou fronteira. Como asumir aquelas mortes, os sonhos incumpridos...?

A miña única felicidade eran as clases e os nenos, os rapaces que non tivemos. As horas eternas na aula. Miraba cara a fóra e a penas vía, coa mirada emborrallada, as follas da figueira. Mais os meus ollos víanche a ti, víanche na Casa da Fonte e máis no Souto dos Corvos, en Tralafragua ou n' O Real. Víanche en todas partes. Víanche e tiña celos. Si, tiña celos, e que? Queríache só para min, si, si, si. Que tiña iso de malo? Eras a miña muller, ou non? Éralo, e eu adorábache. Mais tiven que compartirte, tiven que facelo para non perderche, para manterte viva e que tiveses esperanzas. E se mirei para outro lado, tragando coa acedume daqueles celos que me corroían, foi por ti. Quen tivo resignación dos dous, dime. Quen tivo que vivir coas feridas sen cicatrizar, quen? Ah, pero si, a dor foi a túa, a poeta fuches ti, e a voz a túa tamén. E eu, quen fun, quen son? Ninguén, nin a túa sombra tan sequera.



Cincuenta anos tiñas cando decidiches deixar de ser Maruja, a dona do mestre, e ter a túa voz, ser María Mariño. E eu traguei unha outra vez co meu orgullo. Calei cando el che meteu a escribir, que podía facer máis que calar? Calei porque ben vía que aquel xogar aos versos era quen de facerche saír do pozo no que afondaras. Sei que foi el o teu faro, o guieiro para saíres dese abismo, do labirinto sen saída no que tanto tempo levabas perdida, dende que o Sollube e a sombra daquelas mortes te alcanzara. Palabras. Aquel remuíño de palabras no que te deixaches enlevar, os teus últimos dez anos sempre a escribir, a escribir e a ler. Non podo evitar recordarche así. É a imaxe que me vén sempre á memoria, lendo ou escribindo, sempre con el, no Souto dos Corvos, á sombra dos castiñeiros.

As murmuracións chegaban a min a todas horas. Escoitaba o besbellar e as miradas de compaixón en todas partes. Estaba xordo, así era, xordo mais non cego, aínda que tivera que facerme o cego, o cego e o parvo.

Compartirche, esa dor, compartir aínda que só foran, non o sei, os teus sentimentos. Vivir decontinuo na incerteza, no saber e o non saber, o non querer saber. Vivir tanto tempo na ignorancia para, ao final, chegar a única certeza, túa e miña, do lento, demorado rillar, a inminencia da morte, a túa, a pesar do mesto dos silencios. O becho xa en ti, entrañado, a alimaña aquela a toldar a túa ollada, as nosas olladas.

E agora... por que non calan, que queren, onde pretenden chegar con todo iso? A quen importa, máis que a min, a quen amabas, María? A quen importa se era a el ou a min, ou aos dous a un mesmo tempo? Ninguén máis precisa de sabelo.

Só podo procurar entre as palabras aquilo que sentías, esculcar agora a miña presenza, algunha pegada tan sequera da cinza do que fun entre os teus versos. E despois que me pode xa restar mais que o degoiro imposible de volver a escoitar da túa voz o meu nome, escoitar como me chamabas daquel xeito, Chiño, meu Chiño.



Xosé Ricardo Losada

María ou Clarice

... a misteriosa consonancia dos instantes eternos.

Andreï Makine

Eu. Sala de espera do hospital do Barbanza. Leo a prensa e levo unha alegría. A Real Academia decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas a María Mariño. Pero a ledicia non dura moito. O doutor comunicame o que xa cheiraba. Teño un cancro galopante e non me quedan nin seis meses. Saio do hospital véndome cadáver. Xa na casa, para evitar esa imaxe mental recorrente, collo ao chou un libro dos que pospuxera para ler, por falta de tempo, os últimos meses. *Un sopro de vida*, de Clarice Lispector.

Axiña me decato. Os tres sucesos teñen un nó común. María Mariño escribiu un libro de poemas, *Verba que comenza*, o último ano da súa vida, consciente de que a leucemia a ía matar. Clarice escribiu, *en agonía*, como dixo ela, durante tres anos, por mor dun adenocarcinoma de ovários, o libro que o azar me acababa de pór nas mans.

Non pode ser casualidade. Debo ler e comparar eses libros. Polo que sei delas, teñen que ser dúas formas opostas de encarar a enfermidade e a morte. Axudaran-me a buscar o meu propio camiño. Unha liña paralela á desesperación.

María. María era unha muller próxima ao meu espazo e á miña cultura. Naceu en Noia en 1907. Viviu en Boiro, Arzúa, e no Courel a maior parte da súa vida. O pai era zapateiro e a nai xastra. Case non pisou a escola. Facían falta cartos na casa, fíxose costureira. Leu libros na biblioteca dun pazo no que vivía porque a tía era coñequeira. Era elegante e fermosa. Solitaria. Casou cun mestre máis novo ca ela. Tivo un fillo, que morreu ao mes e medio de nacer, na época en que tamén morreu a nai. Colleu unha forte depresión nerviosa. Viviu, anónima, baixo unha ditadura. Viaxou seguindo ao home. Comezou a escribir aos cincuenta anos e apenas tivo relación co mundo literario. Os seus referentes literarios son

mínimos, e galegos. Só escribiu dous libros, co mesmo título. *Palabra no Tempo* e *Verba que comenza*. Publicou grazas aos amigos. Os escritores galegos creron que era un heterónimo de Uxío Novoneyra. Amou ao seu home toda a vida. Hai unha foto na que está na solaina da Casa da Fonte, en Parada do Courel, co seu home, o poeta Manuel María e a dona, e Uxío Novoneyra. Podería permanecer así, con aquela xente, toda a vida. Non tivo casa propia. Morreu en 1967. Descansa no camposanto de Seoane do Courel, unha aldea que nin os galegos coñecen. En 1992 escribiuse un artigo sobre ela. *A gran desconhecida*, titulábase. Se tecleases o seu nome en Google antes da declaración da Academia, non aparecería.

Clarice. Clarice era unha muller afastada do meu espazo e da miña cultura. Naceu en Tchetchelnik (Ucrania) en 1920, cando a súa familia de xudeus rusos emigraba a América, concretamente a Recife, no estado brasileiro de Pernambuco. Aínda que a familia pasou épocas difíciles, chegou á universidade, en Río de Xaneiro. Leu e escribiu con éxito (e tocou o piano) desde moi nova. Non descubriu os libros, buscounos. Tiña unha ampla cultura cosmopolita. Traballou de periodista. Viaxou polo mundo e coñeceu os grandes artistas da época. Escribiu numerosos libros, en todos os xéneros literarios. Foi traducida a moitos idiomas. Permittedse romper

o contrato cunha importante editorial. Recibiu premios, mundo adiante. Tivo unha vida convulsiva, tanto no familiar como no íntimo. Sufriu un aborto espontáneo. Tivo varios fillos. Separouse do home. Comprou, cos seus propios ingresos, un apartamento en Río. Tivo bandazos económicos. Presentou un cadro de esquizofrenia, que esixiu coidados especiais nunha clínica psiquiátrica. Sufriu un incendio na súa casa que lle provocou innumerables queimaduras polo corpo e unha forte depresión, a pesar da axuda constante dos amigos. Loitou contra unha ditadura. Entrevistárona en televisión, participou en congresos por todo o mundo, e traduciu ao brasileiro a autores estranxeiros. En moitas fotos aparece mirando un punto concreto do espazo que a súa mente acaba de abandonar. Morreu en Río en 1977. Importantes escritores dixeron que era a Kafka da literatura sudamericana. Descansa no cemiterio Comunal Israelita, no barrio do Caju, no Río de Xaneiro, cidade que todo o mundo coñece e á que todo o mundo desexa ir. Se tecleas o seu nome en Google, aparecen miles de entradas.

María e Clarice. Leo os libros póstumos de María e Clarice. As primeiras páxinas decepcionanme. Non me ofrecen unha alternativa á desesperación. Máis que literatura, parécenme dous tratados de bioloxía.

Os dous libros son un diálogo entre a autora e un personaxe inventado. Ánxela no caso de Clarice; o mundo dos furados –a vida oculta baixo terra– no de María. Pero, a pesar das aparencias terminolóxicas, os dous simbolizan o mesmo. Ánxela e o mundo dos furados son a terra que as agarda. María e Clarice aceptan a morte e necesitan contar-llo a alguén. Pero ese alguén non pode ser un humano san (nunca entenderá unha agonía) nin moito menos Deus. Só a terra que as agarda pode entender

esa experiencia límite da morte cercándote. Para inventar a Ánxela, di Clarice, tiven *que arar a terra*. María di: *¡Terra, verba miña!* E, por se quedaba algunha dúbida, revelan que escriben *palabras que se podan coller coa man* (Clarice) ou *palabras que prenden as cinsas dos ósos en luz que nos diga* (María). Palabras de terra. Palabras que se poden enterrar.

Fermoso, natural, cósmico, non o nego, pero deprímome. Non debera a poesía desvelarme algo máis? De que me vale saber que o reloxo do nacemento marca a hora da morte? Para que un poema que acepta o ciclo vital?

A piques de deixar os libros, recordo unha frase de Margaret Atwood: *Por que temos tanto interese en inmortalizarnos? Mesmo cando aínda vivimos. Desexamos reafirmarnos, como cans que mexan nas bocas de incendios*. A decepción, de súpeto, desaparece. Decátome de algo que, por estar máis preocupado do fondo que da forma, pasoume antes desapercibido. É certo que María e Clarice falan coa terra, na linguaxe da terra, pero como fixeron sempre. Esa é a clave. Retorcen a linguaxe, personalízana. Cada unha co seu estilo. María, con sutís pinceladas. Clarice, con sofisticación. As palabras son corpóreas, como a terra, pero María e Clarice fanas levitar.

María: *Lumieiro que alumeas con luz de sin farol*.


Clarice: *Quérote gramaticalmente e punto cero no horizonte que forma un triángulo contigo. O resultado é un perfume de rosas maceradas*.

Margaret Atwood ten razón. María e Clarice non queren morrer. Queren o mesmo ca min. Reafirmarse, ser inmortais. María e Clarice son cadelas que mexan nas bocas de incendios. Na cara de Ánxela e no mundo dos furados.

Eu. Pecho os libros. Miro o horizonte que abren. Non sei que facer. María e Clarice, tan distintas, colleron o mesmo camiño. Cal é o meu? Onde está o meu mundo dos furados? Quen é a miña Ánxela? Collo un avión. Aterro en Río. Visito o cemiterio de Caju. Volvo. Aterro en Lavacolla. Collo un taxi. Ao Courel. Visito o cemiterio de Romeor. Escribo na tumba de María, coa mesma tinta indeleble, o que escribín na de Clarice. *Mexou palabras nas bocas de incendios*.

Síntome mellor.

Os nosos libros



Xerardo AgraFoxo

Biografía de María Mariño


Editorial Galaxia / 19x14 cm. 175 páxinas

Esta obra constitúe a primeira biografía da autora de *Palabra no tempo*, *Verba que comenza* e *Más allá del tiempo*. Unha muller que este ano será homenaxeada pola Real Academia co Día das Letras Galegas.

Na presente edición cóntase a súa vida dende que naceu no ano 1907 nun humilde fogar do casco histórico de Noia ata que faleceu de leucemia sesenta anos máis tarde na aldea de Parada do Courel. Nos vinte capítulos da biografía, adobiada con fotografías e documentos, algúns deles inéditos, saen á luz os episodios máis descoñecidos da vida da poeta.

A partir dos datos reflectidos nos arquivos e as testemuñas proporcionadas polas persoas que a coñeceron, sabemos da súa mocidade en Noia, da súa estadia no lugar de Escarabote e da traumática experiencia sufrida en Euskadi durante a Guerra Civil. Tamén do seu matrimonio co mestre Roberto Pose Carballido, a perda do fillo nas minas de San Finx e a súa loita por publicar os seus poemas.

Escenas dunha vida, confesións delicadas e imaxes dunha época que merecen coñecerse polo alento que iluminaron os seus intimistas e conmovedores versos.



María Mariño

Antoloxía poética

Editorial Galaxia / 19x13cm. 168 páxinas

Neste libro recóllense os mellores poemas escritos por María Mariño nos seus libros *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990). Sen dúbida trátase dunha antoloxía, a partir dos textos das edicións orixinais, necesaria para todos aqueles lectores que desexen mergullarse no complicado universo poético tecido pola autora noiesa nas afastadas terras do Courel.

O presente libro contén ademais unha interesante aproximación biográfica á figura de María Mariño. Mesturando os intres máis determinantes da súa vida cos seus poemas máis desacougantes, sabemos da vida da escritora dende que nacera nunha casa do casco histórico de Noia. Tamén presenta unha referencia dos textos bibliográficos que estudaron a vida e a obra de María Mariño.

Esta *Antoloxía Poética* é unha edición realizada por Patricia Arias Chachero (Ponferrada, 1972), unha licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Hispánica que traballa como profesora de lingua e literatura galega. Dende o ano 1998 colabora coa Mesa pola Normalización Lingüística e as revistas *Andaina* e *Longalingua*.



Xosé Agrelo Hermo / Alfonso Costa


Cantiga da costureira poeta

Xunta de Galicia / 24x16 cm. 36 páxinas

A presente é a primeira obra póstuma do autor de *Noite de Lobos*, *Metade e metade* e *O mestre*. Con esta publicación, o prolífico autor noiés, contando coa complicitade de Alfonso Costa, mergúllase nunha nova aposta literaria.

Cantiga da costureira poeta comeza e remata con dous poemas de María Mariño: *Campanas que tocases* e *Eu non sei si xa pasou*. No interior das súas páxinas tece Xosé Agrelo catorce poemas que contan a vida de María Mariño ("Na rúa Cega de Noia /veu á luz María a "Fiscala" / a cuarta filla de cinco irmáns, / nunha familia sen mágoa") ata á súa morte: "O anxo das ás escura / levouna consigo a nada, / e invadiu todo o Courel / un silencio de palabras"). As pequenas estrofas, sinxelas e imaxinativas, están ilustradas pola man colorista e sensorial de Alfonso Costa.

O libro foi editado pola Consellería de Cultura e Deporte. O conxunto, a voz poética de Xosé Agrelo e a sensibilidade de Alfonso Costa, semella unha excelente contribución para achegarse á poeta homenaxeada este ano co Día das Letras Galegas.



Antón Riveiro Coello


A voz do lago

Editorial Galaxia / 13x20 cm. 112 páxinas

Cunha perfecta dose de intriga e emoción, Antón Riveiro Coello fai a súa particular homenaxe a María Mariño con esta fermosa novela na que historia, lenda e imaxinación camiñan parellas polos vieiros da sedución.

No ano 1927 María Mariño e a súa familia deixan Noia para se mudaren a Escarabote, preto do pazo de Goiáns, onde traballa de cociñeira unha tía, próxima herdeira da fortaleza que está por riba do Lago do Mar. Irene, unha nena de dez anos, coñece aos seus novos veciños e repara na fermosura e na elegancia de María, unha moza de vinte anos que, amais de teas e vestidos, cose versos e apaña bolboretas no vento. As dúas fan boas migas e María Mariño decide compartir con Irene un segredo: o misterio dun libro que provoca un murmurio no lago. Irene, engaiolada pola historia e o desexo de visitar por fin o pazo, ofrécese para descubrir a procedencia da voz e María convidaa a pasar alí unha fin de semana.

A voz do lago constitúe unha extraordinaria aventura na que se reconstrúe non só a estirpe dos Mariño, que habitaron esta fortaleza das Torres de Goiáns, senón tamén todos os misterios que a envolven.



María Mariño

Palabra no tempo

Editorial Celta. Lugo, 1963

Os 70 poemas desta edición distribúense en tres partes. A primeira, integrada por 35, trata da nostalxia da súa nenez ("rapaza para a fiada, correndo co ollar da lúa"), a presenza da nai ("Atopeiche miña nai"), o vértice da morte ("E por ninguén esquecida"), os momentos vitalistas da súa existencia ("Días e días tecín na tea do meu tear") e o afastamento de Noia con motivo do seu traslado ao Courel ("E logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan").

Nos 29 poemas seguintes establece un diálogo constante coa natureza ("Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeadá"), realiza alusións á aniquilación individual que chega a confundirse co cosmos identificado co tempo metafísico da existencia ("Sinto todo este mundo, sin podelo separar"), observa como a paisaxe exterior conduce á paisaxe interiorizada ("No silencio está o mundo que peito sinte del"), procura un coñecemento sobre a realidade do mundo e sobre si mesma e constrúe reflexións sobre o paso do tempo, a inqueda dos temores individuais ("Ando polo camiño que non vexo o seu sendeiro") e as angustias e loitas espirituais.

Dous temas destacan nos 6 poemas da terceira parte, a relación da escritora coa transcendencia íntima do acto creativo e a súa comunión coa natureza.



María Mariño

Verba que comenza

Concello de Noia. Noia, 1990

María Mariño construíu neste libro un conxunto de 33 poemas que proxectan as diferentes facianas da escritora ante a morte. A angustia existencial na que a mergullaba a terrible enfermidade motivou as imaxes de destrución que semellaban a realidade dunha aniquilación física ("Fúndese a terra / Fúndese / con torres, casas e casañas"). Imaxes que indican o presentimento agudo da morte que a acompañará nos últimos anos da súa existencia no Courel: "Aplástame a chuvia / Lévame o vento / Quéimame".

Reflicten tamén os días da impotencia ante o curso das derradeiras horas ("aquí che deixo neste branco papel trillado, neste / percuro das horas") e a inexorabilidade da morte ("¿Quen manda na hora de hoxe?") que a levará á terra ("baixo a terra que a presada nos vai decindo / nos di: Había que chegar").

Acompañando estes poemas tan reveladores da súa trágica experiencia coa leucemia, o libro contén continuas referencias ao mar: "Nacín en pleamar lume gris e branco; De lonxe vín rubir o mar; e rebélanse as ondas ós mares".